- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos ditos fondos que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, subministrando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións.
- Levar un sistema de contabilidade específica FEADER ou ben un código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación, tal e como esixe o artigo 75.1.c) i) do regulamento (CE) 1698/2005.
- Mediación entre a Xunta e os concellos contratantes dos GES, e polo tanto:
 - Recadar toda a documentación acreditativa do cumprimento das actuacións por parte dos concellos sedes.

- Presentar as declaración de axudas solicitadas ou concedidas en cada concello para esta mesma finalidade e, en caso de non ter ningunha axuda, a presentación dunha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

A FEGAMP como entidade colaboradora que recibe os fondos das axudas e distribúe os mesmos aos beneficiarios, deberá respectar o disposto no artigo 9 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e en ningún caso considerará os fondos recibidos como integrantes do seu patrimonio.

D) Polos Concellos sede

- Os Concellos sede dos GES deberán achegar o 20% do financiamento.
- Deberán subministrar unhas instalacións-base adecuadas para a prestación do servizo de emerxencias, permitindo a localización dos recursos humanos e materiais propios do servizo
- Atención permanente as chamadas de emerxencia, de xeito que a non resposta as chamadas de emerxencia de forma continuada dará lugar por parte dos concellos sede, á non percepción da axuda, salvo causa xustificada, e previa audiencia ao concello implicado.
- Deberán cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento desta cláusula.
- Deberán acreditar a prestación do servizo, mediante os informes ou memorias técnicas emitidas polos responsables dos GES nos concellos sede, coa finalidade de percibir as achegas da Xunta de Galicia e as Deputacións.
- Comprométense a conservar os medios e recursos de intervención de Galicia. O deterioro non xustificando polo uso que sufran os equipos será responsabilidade do concello.
- Dado o carácter supramunicipal dos GES, os concellos incluídos na área de actuación correspondente, segundo o anexo I, poderán pór a disposición destes os medios materiais de protección civil dos que dispoñan para atender as emerxencias, ou ben cedelos de forma permanente.
- Levar un sistema de contabilidade específica FEADER ou ben un código contable axeitado onde se registren as transaccións relativas á operación, tal e como esixe o artigo 75.1.c) i) do regulamento (CE) 1698/2005.

Novena.- Libramento de fondos da Xunta á FEGAMP

O libramento dos fondos á Federación Galega de Municipios e Provincias pola Xunta de Galicia realizarase de conformidade co previsto nos anexos IV e V.

Décima.- Libramento de fondos pola FEGAMP aos beneficiarios finais

Unha vez recibidos os fondos da Xunta de Galicia pola FEGAMP, esta transferirá aos beneficiarios finais participante do proxecto a cantidade que lle corresponda, no prazo máximo de 45 días dende a súa recepción.

A FEGAMP acreditará ante a Dirección Xeral de Emerxencia e Interior, a Dirección Xeral de Administración Local e a Secretaría Xeral de Medio Rural e do Mar, a

entrega dos fondos aos beneficiarios finais mediante xustificante de pagamentos válidos (extractos ou certificación bancaria debidamente identificados).

Os beneficiarios finais deste convenio están obrigados a facilitar toda a información que lle sexan requirida pola Intervención Xeral e o Consello de Contas da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como aos controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas con fondos comunitarios.

A participación no presente convenio suporalles, tanto á entidade colaboradora como aos beneficiarios finais, o consentimento expreso á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos rexistros públicos da Xunta de Galicia, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de novembro e decreto 126/2006 do 20 de xullo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar, se con isto se alterase os obxectivos deste convenio, á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das obrigas recollidas neste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e o xuro de mora correspondente de acordo co establecido no art. 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Décimo primeira.- Xurisdición e normativa aplicable

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. Para a interpretación de dúbidas e controversias que xurdan na interpretación deste convenio estarase ao disposto nas cláusulas deste e, subsidiariamente, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007 do 13 de xuño e en canto non se opoña ao establecido na dita lei, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e aos principios establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na súa aplicación.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, créase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representadas a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería do Medio Rural e do Mar, as Deputacións e a FEGAMP.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

- En xeral, resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na aplicación deste convenio.

Esta comisión solicitará ao remate da vixencia do convenio á Federación Galega de Municipios e Provincias un informe técnico correspondente o grao de cumprimento dos obxectivos programados, e relación detallada dos pagos efectuados por cada concello, correspondentes aos meses de vixencia do convenio aos efectos, no seu caso, do reintegro dos importes non liquidados.

Décimo terceira.-Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2015. Ao termo de cada anualidade calquera das partes poderá denunciar o convenio, cunha antelación mínima dun mes. Os concellos adhírense ao presente convenio coa sinatura do correspondente anexo de adhesión.

En proba de conformidade, as partes asinan por triplicado na data e lugar ao inicio mencionados.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, AA.PP. e Xustiza
Alfonso Rueda Valenzuela

A conselleira de Medio Rural e do Mar
Rosa María Quintana Carballo

O presidente da Deputación da Coruña
Diego Calvo Pouso:

O presidente da Deputación de Lugo
José Ramón Gómez Besteiro

O presidente da Deputación de Ourense
José Manuel Baltar Blanco

O presidente da Deputación de Pontevedra
Rafael Louzán Abal

O presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias
José Manuel Rey Varela

ANEXO I: ÁMBITO DE ACTUACIÓN E COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Zona de Ortegaleira e Ferrol Sede: Ortegaleira	Zona da Fonsagrada e Meira Sede: A Fonsagrada	Zona de Terras de Caldas e Terras de Trives Sede: Castro Caldas	Zona da Mancomunidade de Val Miñor Sede: Mancomunidade
Zona de Bergantiños Sede: Ponteceso	Zona de Terra Chaleira Lugo Sede: Guitiriz	Zona de Viana e Verín Sede: A Gudiña	Zona do Baixo Miño Sede: A Guarda
Zona de Muros Xallas e Noia Sede: Muros	Zona de Os Ancares Lugo Sarria Sede: Becerreá	Zona de Allariz, Maceda e A Limia Sede: Baños de Molgas	Zona da Paradanta e Pontevedra Sede: Ponte Caldas
Zona de Ferrol Eume Sede: Mugardos	Zona da Mariña Central e Oriental Sede: A Pontenova	Zona da Baixa Limia Sede: Lobios/Muíños	Zona da Tabeiros Terra de Montes e Deza Sedes: A Estrada/Lalín
Zona de Betanzos Terra de Melide Ordes Sede: Curtis	Zona de Quiroga e Terra de Lemos Sedes: Quiroga/Folgooso	Zona do Ribeiro Sedes: Ribadavia/Avión	Zona de Vigo Sede: Redondela
Zona O Sar e Caldas Sede: Padrón	Zona de A Ulloa Lugo e Chantada Sede: Monterroso	Zona de Valdeorras Sede: O Barco	
Zona Santiago Noia A Barcala Sede: Brión	Zona da Mariña Central e Occidental Sede: Cerco		

Provincia da Coruña:

Zona Ortegaleira-Ferrol	Zona Ferrol Eume	Zona Bergantiños	Zona Muros Xallas	Zona Betanzos terra de Melide Ordes	Zona O Sar Caldas	Zona Santiago Noia A Barcala
Cariño	Mugardos	Cabana de Bergantiños	Outes	Curtis	Padrón,	Brión,
Cerdido	Ares	Laxe	Carnota	Sobrado	Rois	Ames
Cedeira	Cabanas	Malpica de Bergantiños	Mazaricos	Vilasantar	Dodro	Negreira
Mañón	Fene	Ponteceso	Muros	Mesía	Pontecesures	Lousame
Ortegaleira	Neda	Coristanco		Cesuras	Valga	Noia
As Somozas	Valdoviño			Oza dos Ríos		
Moeche				Aranga		

Provincia de Lugo:

Zona Fonsagrada Meira	Zona Terra Cha Lugo	Zona Os Ancares Lugo Sarria	Zona Mariña Central e Oriental	Zona Quiroga e Terra de Lemos	Zona A Ulloa Lugo e Chantada	Zona Mariñas Central e Occidental
Baleira	Begonte	Baralla	A Pontenova	Folgoso do Courel	Antas de Ulla	Cervo
Fonsagrada	Friol	Becerreá	Trabada	Quiroga	Guntín	Xove
Negueira de Muíiz	Guitiriz	Cervantes	Riotorto	Ribas de Sil	Monterroso	Burela
Ribeira de Piquín	Xermade	Navia de Suarna	Lourenzá	Pobra de Brollón	Palas de Rei	O Valadouro
		As Nogais	Meira		Portomarín	Foz
		Triacastela	Pol		Taboada	Alfoz
		Pedrafita do Cebreiro				
		Castroverde				

Provincia de Ourense:

Zona Terras de Caldelas e Trives	Zona Viana Verín	Zona Allariz-Maceda A Limia	Zona Baixa Limia	Subzona O Ribeiro	Subzona O Ribeiro Avión	Zona Valdeorras	Zona Terras de Celanova
Castro Caldelas	A Gudiña	Baños de Molgas	Lobeira	Ribadavia	Avión	O Barco de V.	Cartelle
Montederramo	A Mezquita	Maceda	Lobios	Arnoia	Beariz	Carballeda de V.	Celanova
Parada de Sil	Riós	Paderne de Allariz	Muíños	Beade	Boborás	Petín	Gomesende
A Teixeira	Viana do Bolo	Vilar de Barrio	Entrimo	Castrelo de Miño	Leiro	Rubiá	Quintela de Leirado
San Xoán de Río	Vilariño de Conso	Xunqueira de Ambía	Bande	Cenlle		A Veiga	Ramirás
Chandrexa de Queixa		Taboadela		Cortegada		Vilamartín d Valdeorra	Verea
Manzaneda		Allariz		Melón			Pontedeva
Xunqueira de Espadafedo		Esgos		Carballeda de Avia			A Bola
A Pobra de Trives		Pereiro de Aguiar		Toen			Padrenda
							A Merca

Provincia de Pontevedra:

Zona Manc Val-Miñor	Zona Baixo Miño	Zona Pontearreas	Zona A Paradanta Pontevedra	Subzona Tabeiros Terra de Montes	Subzona Deza	Zona Vigo	Zona Sanxenxo
Baiona	A Guarda	Arbo	Cotobade	A Estrada	Lalín	Mos	O Grove
Gondomar	O Rosal	A Cañiza	Ponte Caldelas	Campo Lameiro	Vila de Cruces	Pazos de Borbén	Sanxenxo
Nigrán	Oia	Crecente	O Covelo	Cerdedo	Agolada	Redondela	Meaño
	Tomíño	Mondariz Balneario	Fornelos de Montes	Cuntis	Rodeiro		Poio

		Mondariz	A Lamas	Forcarei	Dozón		
		As Neves	Soutomaíor	Teo			
		Ponteareas		Vedra			
		Salvaterra de Miño		Moraña			

**ANEXO II MODELO DE FINANCIAMENTO
REPARTO DO CUSTO ENTRE AS DISTINTAS INSTITUCIÓNS PARTICIPANTES:**

GRUPOS DE EMERXENCIA: REPARTOS DE CUSTOS		
Nº grupos (12 membros)	22	
Custo de cada grupo		169.000€
Nº de grupos (16 membros)	3	
Custo de cada grupo		252.333€
Servizos municipais de Ponteareas e Sanxenxo e o de Terras de Celanova	3	
Custo de cadanseu concello		125.000€
<i>Custo do sistema proposto</i>		
Grupos 25 (22+3)		4.474.999€
Servizos municipais de Ponteareas e Sanxenxo e o de Terras de Celanova		375.000€
CUSTO ANUAL DOS GES E SERVIZOS MUNICIPAIS		4.849.999€
GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS GES E SERVIZOS MUNICIPAIS		560.000 €

REPARTOS DE CUSTOS DA PREVENCIÓN			
Ano	2013	2014	2015
Nº grupos	25	25	25
Has por grupo	18	36	36
Custo por ha	2.250	2.250	2.250
CUSTE TOTAL PREVENCIÓN	1.012.500 €	2.025.000 €	2.025.000 €

CUSTOS ANUAIS:

ENTIDADE	CUSTO ANUAL	*CUSTO 2013 (6 meses)
XUNTA DE GALICIA	4.125.000 €	2.062.500 €
DEPUTACIÓNS	1.374.999,80 €	687.499,90 €
CONCELLOS	1.374.999,80 €	687.499,90 €
OUTROS GASTOS	560.000,00 €	280.000 €
TOTAIS	7.434.999,60€	3.717.500 €

(*) No ano 2013 os custos calcúlanse para un período de 6 meses ata o 31 de decembro

ANEXO III.-DOCUMENTO DE ADHESIÓN CONCELLOS

D./Dona , en representación do Concello de....,

DECLARA:

Que o Pleno (ou órgano competente) do Concello..... acordou, con data do_____ do mes de___do ano_____, solicitar a adhesión ao convenio de colaboración suscrito entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Rural e do Mar, a Deputación de Ourense e a FEGAMP, para o financiamento e mantemento dos grupos de emerxencias supramunicipais, e, en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados del e con suxeición plena a todas elas.

, de _____ de _____

ANEXO IV: ACTUACIÓNS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.-

1.Traballos que han realizar os GES

Os labores que han desenvolver os grupos GES consistirán na realización dos seguintes traballos:

- Intervención en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este. Nos incendios forestais deberan empregarse os vehículos de extinción dispoñibles de acordo coa súa operatividade.
- Intervención en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas e sen ser responsables do seu mantemento mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para iso os materiais e medios que se requiran.
A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro.
- Intervención en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntes de terra, situacións de seca, etc.
- Colaboración, e no seu caso, intervención en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.
- Colaboración coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.
- Colaboración e apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou ambiente.
- Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM) e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.
- Intervención en incendios forestais no seu ámbito de actuación integrados no dispositivo do SPDCIF e baixo o mando único descrito no PLADIGA.
- Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.
- Realización de actividades e, no seu caso, establecemento de medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicados nos apartados anteriores.
- Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e ambiente, servizos sociais, sanidade, culturais, educativos e deportivos.
- Así mesmo, poderán ser requiridos para colaborar na defensa de incendios forestais declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.

2. Medios persoais: Contratación, capacitación, bases de selección e formación do persoal dos GES

O artigo 23 dous da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013 establece certas limitacións á hora de contratación de persoal temporal, en concreto preceptúa: que *“Durante o ano 2013 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías*

profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.”

Non cabe dúbida que os servizos afectados por este convenio son servizos públicos esenciais e que coa prestación do servizo se vai velar pola protección das persoas, dos bens e do patrimonio colectivo ou ambiental.

Ningún dos concellos onde se pode actuar contan con persoal contratado especializado ao respecto e o único servizo especializado nas comarcas para este tipo de intervencións están situados nos Parques comarcais de Bombeiros, o que supón un atraso na intervención por motivo de desprazamento, dependendo do lugar onde se teña que actuar.

Ademais vaise intervir ante situacións de emerxencia que en moitas ocasións implican unha intervención inmediata, onde o concello non conta con persoal especializado para iso, e onde ao esperar polo persoal do Parque Comarcal de Bombeiros agrava aínda máis a situación, xa que o factor tempo xoga un papel moi importante en determinadas situacións, téndose que minimizar en todo momento o tempo de chegada ao lugar de intervención e a excepcionalidade deriva da adopción dunha serie de medidas preventivas para velar pola protección das persoas e dos bens....e que polo tanto, pola prioridade do servizo e das funcións que se han realizar, faise necesario.

O persoal que forme parte destes grupos deberá contar cunha formación e experiencia en traballos de protección civil, emerxencias, medio e prevención e defensa contra incendios forestais.

A capacitación acreditarase coa formación impartida pola Academia Galega de Seguridade ou outros organismos públicos.

A experiencia acreditarase a través de certificacións emitidas polos organismos correspondentes aos que pertenceran os servizos nos que estiveran inscritos e desenvolvendo as súas actividades.

Os concellos sede serán os encargados de seleccionar ao persoal mediante un procedemento público de selección, na súa modalidade de concurso-oposición, entre aqueles que cumpran os requisitos previamente expostos. As bases das convocatorias son elaboradas pola Xunta de Galicia e comúns para todos os grupos e públicas.

Todos aqueles concellos que na sinatura do correspondente convenio, dispoñan de persoal seleccionado consonte cos principios de publicidade, mérito e capacidade destinado a tarefas de atención ás emerxencias poderán adscribilos ao devandito servizo, e as que non resulten cubertas a través desta adscrición procederán a ser cubertas mediante a modalidade de concurso oposición.

As bases axustaranse ao seguinte modelo: CONCELLO DE XXXX.

De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día D de XXX de 2013, faise pública a convocatoria para a

provisión de DOCE prazas de persoal para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal polo sistema de concurso-oposición libre:

BASES PARA A PROVISIÓN DE DOCE PRAZAS PERSOAL PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (PERSOAL LABORAL)

PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria cubrir DOCE PRAZAS PERSOAL PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (PERSOAL LABORAL polo sistema de concurso-oposición libre.

SEGUNDA.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:
 - a) Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo iso nos termos do artigo 57 do Estatuto básico do empregado público.
 - b) Ter cumpridos os 18 anos da idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
 - c) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou graduado escolar ou equivalentes para os efectos laborais.(o certificado de escolaridade considérase equivalente ao Graduado Escolar segundo a Orde do 20 de xuño pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e de outros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa para os efectos laborais).
 - d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
 - e) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
 - f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.

2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, ao menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, no seu caso.

TERCEIRA.-SOLICITUDES

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de XXXX. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar,

expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base segunda da convocatoria.

Xunto coa instancia achegarase a documentación que o aspirante desexe que sexa tida en conta na fase de concurso, e conforme co establecido nos apartados posteriores das presentes bases.

2. O prazo mínimo para a presentación de solicitudes será de 7 días con publicación na WEB do concello e cando menos, nun dos diarios de maior difusión da provincia.

3. A presentación de solicitudes poderá facerse, ben no Rexistro Xeral do Concello de XXXX, ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante telegrama durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración pública.

4. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

CUARTA.-ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

1. Rematado o prazo dos 7 días fixado para a presentación de solicitudes a resolución da Alcaldía acordará a aprobación da listaxe de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa do Concello

2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 3 días, contados a partir do seguinte ao da publicación do acordo, para poder corrixir ou emendar, no seu caso, o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoa ou desestimándoa con publicación da listaxe definitiva no Taboleiro de anuncios. No caso de os aspirantes excluídos (de existir) non presenten reclamacións, a listaxe publicada terá carácter definitivo.

QUINTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador deste concurso-oposición estará integrado polos membros que deseguido se relacionan:

Presidente:

- Titular: D. XXXXX
- Suplente:

Vogais:

- Titular:
- Suplente:.
- Titular
- Suplente:

- Titular:
 - Suplente:
- Secretario:
- Titular:
 - Suplente:

Todos os membros dos Tribunais, deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorreran á sesión constitutiva e, no seu caso, os suplentes.

Os membros do Tribunal que asistan ás sesións deste, percibirán axudas de custe pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

SEXTA.-COMEZO DOS EXERCICIOS

1. A data e hora na que deberá constituírse o Tribunal (para os efectos de valoración do concurso e elaboración das probas) será determinada pola Alcaldía mediante acordo, xuntamente coa aprobación da listaxe definitiva de admitidos e a data da celebración do primeiro exercicio, a cal publicárase mediante anuncio no taboleiro de anuncios do concello.

2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados que serán resoltos motivadamente polo Tribunal.

3. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica deles.

SÉTIMA.-DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS

1. En calquera momento o Tribunal poderá requirirles aos opositores para que acrediten a súa identidade.

2. A orde de actuación dos opositores para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará polos que o primeiro apelido

corresponda coa letra que determine a Resolución da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública para o ano de celebración dos exercicios.

3. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer ao Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

4. Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o Tribunal fará pública, no Taboleiro de Anuncios, a relación de aspirantes que o superaran con indicación da puntuación obtida.

Os opositores non incluídos na listaxe terán a consideración de non aptos.

5. A relación de aprobados en cada exercicio polo Tribunal deberá publicarse no taboleiro de anuncios, polo menos con 12 horas de antelación, á nova reunión do Tribunal cando se trate do mesmo exercicio e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo exercicio.

6. Dende o total remate dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberán transcorrer polo menos 72 horas e un máximo de 45 días naturais.

7. Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme co previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

OITAVA.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS FASE DE CONCURSO

FASE DE OPOSICIÓN:

PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, de 50 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria, durante un período de 70 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, para os efectos da súa elaboración.

SEGUNDO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá na realización dunha proba práctica sobre as funcións que se han desenvolver (primeiros auxilios, excarceración de vehículos, incendios, etc.), tendo en conta o temario que figura como anexo I, e que será determinado polo Tribunal antes da súa realización.

TERCEIRO-PROBA DE GALEGO

O artigo 35 da Lei 2/2009, do 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: "...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da

Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente...”

En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

FASE DE CONCURSO:

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 8,00. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme co seguinte baremo:

1. Méritos profesionais.

a) Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal de GRUMIR ou nos Grupos Municipais de Emerxencias nos últimos catro anos → 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.

b) Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outros labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público → 0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.

c) Por ter prestados servizos en calquera das Administracións públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan → 0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.

Para estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.

2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que estean relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración pública, unha universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración pública):

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A experiencia profesional como persoal de GRUMIR, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da administración pública xustificárase: Presentando certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

—Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.

—Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa administración.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

Para acreditar os méritos sinalados nos puntos 2 e 3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición para os efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima que se ha outorgar nos anteriores apartados, será a seguinte:

— Méritos profesionais: máximo 6,00 puntos.

— Cursos e seminarios, etc.: máximo 2,00 puntos

NOVENA.- CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios, serán cualificados de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar cada un dos exercicios e acceder ao seguinte obter unha puntuación mínima de cinco puntos.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes que foran superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios e eliminatorios, non computándose a fase de concurso a todos aqueles aspirantes que non superen a fase de oposición.

DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

1. A cualificación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición. Determinada a cualificación final dos aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da casa do concello.

2. O Tribunal, en ningún caso, poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. Porén, o Tribunal ao cualificar cada un dos exercicios non terá en conta a limitación anterior, a cal só se terá en conta para formular á Alcaldía a proposta coa puntuación final, os cales nunca poderán superar o número de prazas convocadas.

4. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fora suficiente pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante o sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

DÉCIMO PRIMEIRA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS POLOS ASPIRANTES PROPOSTOS, NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN

Os aspirantes propostos presentarán, dentro do prazo de vinte días naturais contados a partir da publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria

—Documento nacional de identidade mediante fotocopia compulsada por ambos os dous lados.

—Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións públicas e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

—Certificado médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.

—Fotocopia compulsada do carné de conducir esixido na convocatoria.

Dentro do prazo indicado, e agás os casos de forza maior, os aspirantes propostos que non presenten a súa documentación ou non reunirse os requisitos esixidos, non poderán ser contratados e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrese por falsidade na instancia na que solicita tomar parte no concurso-oposición.

DÉCIMO SEGUNDA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan á Administración municipal, aos Tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

DÉCIMO TERCEIRA.- INCIDENCIAS

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, para cuxo efecto poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO CUARTA.-LISTAXE RESERVA

Con todos aqueles aspirantes que non sexan propostos para a súa contratación, e superaran todos os exercicios, elaborárase unha listaxe reserva, por orde decrecente

de puntuación, os cales poderán ser chamados para futuras contratacións, derivadas de baixas, substitucións, etc.

A listaxe terá unha vixencia de ata o 31 de decembro de 2015. Se un aspirante renuncia á contratación será borrado da listaxe. Se presenta a súa renuncia durante a vixencia do contrato pasará a ocupar o último lugar da listaxe.

Os aspirantes que estiveran contratados, unha vez rematado o período de contratación, volverán a ocupar o lugar que tiñan na listaxe por orde de puntuación.

DÉCIMO QUINTA.-RECURSOS

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. alcalde-presidente, no prazo dun mes contado dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme co establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I – TEMARIO

1. Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan territorial de emerxencias de Galicia.
2. Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.
3. Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios
4. Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.
5. Accidentes de tráfico e excarceración.
6. Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas
7. Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.
8. Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia)

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que impartirá a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

O curso selectivo responde ao seguinte modelo:

DATOS XERAIS DO CURSO

1. Familia Profesional: Seguridade e Medio Área Profesional: Protección Civil
2. Denominación do curso: INTERVENCIÓN EN EMERXENCIA

3. Código:

4. Tipo de curso: ESPECÍFICO

5. Obxectivo xeral: Formación do persoal dos grupos de emerxencia supramunicipal para o exercicio da súa actividade laboral de intervención en incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, situacións derivadas de riscos naturais e calquera outra tarefa en materia de protección civil e emerxencias.

6. Requisitos do profesorado:

6.1. Nivel académico: titulación universitaria, (Preferentemente...) na súa falta, capacitación profesional equivalente na ocupación relacionado co curso.

6.2. Experiencia profesional: Deberá ter 2 anos de experiencia na ocupación.

6.3. Nivel pedagóxico: Formación metodolóxica, ou ben experiencia docente.

7. Requisitos de acceso do alumno:

7.1. Nivel académico ou de coñecementos xerais:

- ◆ Estar en posesión de, polo menos, o título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou titulación equivalente.
- ◆ Estar en posesión do carné de conducir da clase C

7.2. Nivel profesional ou técnico:

- ◆ Non se require

7.3. Condicións físicas:

- ◆ Condicións físicas: carencia de afeccións, integridade física, resistencia física, forza, destreza manual, coordinación visión motora, rapidez de reflexos. "Aquelas que non impidan o normal desenvolvemento da profesión".

8. Número de alumnos: 12 alumnos por edición, sen prexuízo de que por razóns operativas poida superarse este número ao realizar conxuntamente a formación de varios GES.

9. Relación secuencial de módulos formativos:

- ◆ INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS (28 horas)
- ◆ INCENDIOS FORESTAIS (14 horas)
- ◆ ACCIDENTES DE TRÁFICO (21 horas)
- ◆ PRIMEIROS AUXILIOS (7 horas)

10. Duración:

Prácticas.....50 horas

Contidos teóricos.....	20 horas
Total.....	70 horas

Dúas semanas en sesións de 7 horas/diarias de luns a venres.

11. Equipo, material.

11.1 Equipo e maquinaria:

- ◆ Dotación completa de medios de protección contra incendios de tipo manual (extintores, mangueras, batelumes, antorchas de goteo)
- ◆ Paneis sinópticos explicativos do funcionamento do sistema de detección de incendios, alarma e extinción automática
- ◆ Radio transmisores
- ◆ Equipo de primeiros auxilios
- ◆ Equipo portátil de bombeo
- ◆ Grupos electrógenos
- ◆ Autobombas urbana e forestal
- ◆ Equipo de corte en frío (cizallas, radiais, etc.

11.2. Material de consumo:

- ◆ Folios
- ◆ Cadernos
- ◆ Bolígrafos
- ◆ Lapis

11.3 Material didáctico.

- ◆ Manual básico do curso
- ◆ Caderniño de ponencias

11.4 Elementos de protección.No desenvolvemento das prácticas utilizaranse os medios necesarios de seguridade e saúde laboral e observaranse as normas legais ao respecto.

DATOS ESPECÍFICOS DO CURSO

Denominación do módulo nº 1: INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS

Obxectivo do módulo:

- ◆ IDENTIFICAR os tipos de combustión
- ◆ COÑECER os equipos de protección individual
- ◆ IDENTIFICAR tipos axentes extintores
- ◆ IDENTIFICAR tipos de instalacións de auga
- ◆ IDENTIFICAR tipos de bombas
- ◆ COÑECER a conducción de vehículos de emerxencias e o seu posicionamento
- ◆ COÑECER os distintos tipos de bombas, o seu funcionamento, o seu uso e necesidades de mantementos.
- ◆ COÑECER os procedementos de actuación en incendios urbanos e industriais

Duración do módulo: 28 horas

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- ◆ Prácticas de tendidos de mangueras.
- ◆ Prácticas de mantemento de bombas e impulsión
- ◆ Prácticas de conducción e de posicionamento de vehículos
- ◆ Prácticas de desprazamento en lugares de visibilidade reducida.
- ◆ Prácticas de extinción de vehículos. Prácticas de actuación en materias perigosas.
- ◆ Prácticas de extinción de incendios de gases.

B) Contidos teóricos

- ◆ Tipos de combustión.
- ◆ Equipos de protección individual. O traxe de intervención. El ERA: partes, uso e mantemento.
- ◆ Axentes extintores: espumas, extintores portátiles, auga.
- ◆ Instalacions de auga: mangueras, hidrantes, columnas secas e BIE.
- ◆ Traxes de aproximación e de penetración ao lume. Traxes NBQ.
- ◆ Bombas, bombas de achique e turbobombas. Uso e mantemento.
- ◆ Intervención con risco eléctrico.
- ◆ A química do lume.
- ◆ Axentes extintores.
- ◆ Localización do foco.
- ◆ Orientación, busca e rescate.
- ◆ Equipos de respiración asistida
- ◆ Entradas forzosas.
- ◆ Risco químico. Identificación de mercadorías perigosas.

Denominación do módulo nº 2: INCENDIOS FORESTAIS

Obxectivo do módulo:

- ◆ IDENTIFICAR os factores que afectan o comportamento dun lume forestal
- ◆ COÑECER os métodos e medios de prevención e extinción de incendios forestais
- ◆ COÑECER os procedementos de actuación en incendios forestais
- ◆ COÑECER as normas de seguridade na prevención e extinción de incendios forestais

Duración do módulo: 14 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- ◆ Prácticas de identificación das partes dun lume forestal
- ◆ Prácticas de extinción mediante ataque directo con ferramentas manuais
- ◆ Prácticas de extinción mediante ataque directo con liña de auga
- ◆ Prácticas de extinción mediante ataque indirecto: a queima do ensanche e o contralume

B) Contidos teóricos

- ◆ A prevención de incendios forestais: actuación sobre os combustibles forestais
- ◆ A detección de incendios forestais: o proceso de comunicación
- ◆ Medios para a extinción de incendios forestais
- ◆ Métodos de extinción de incendios forestais
- ◆ Organización do combate: etapas, primeiro ataque e ataque ampliado.
- ◆ Situacións de perigo e normas de seguridade

Denominación do módulo nº 3: ACCIDENTES DE TRÁFICO

Obxectivo do módulo:

- ◆ COÑECER os procedementos de intervención en accidentes de tráfico

Duración do módulo: 21 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- ◆ Prácticas vehículos
- ◆ Desencarcelación, excarcelacións e simulacións

B) Contidos teóricos

- ◆ Introducción aos accidentes de tráfico.
- ◆ Coordinación en accidentes de tráfico.
- ◆ Seguridade pasiva.
- ◆ Estabilización de vehículos.
- ◆ Seguridade persoal en accidentes de tráfico
- ◆ Sistemática de intervención en accidentes de tráfico prácticas con vehículos.

Denominación do módulo nº 4: PRIMEIROS AUXILIOS

Obxectivos do módulo:

- ◆ COÑECER procedementos a seguir en primeiros auxilios
- ◆ IDENTIFICAR tipos de queimaduras
- ◆ IDENTIFICAR tipos de traumatismos
- ◆ IDENTIFICAR outros tipos de lesións e feridas

Duración do módulo: 7 horas

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- ◆ Reanimación: tipos
- ◆ Rescates con feridas
- ◆ Rescates de interior de vehículos
- ◆ Desencarcelación, excarcelacións e simulacións

B) Contidos teóricos

- ◆ Queimaduras
- ◆ Alteracións eléctricas
- ◆ Afogamentos
- ◆ Traumatismos craneoencefálicos, médulas, torácico-abdominais
- ◆ Reanimación cardiopulmonar
- ◆ Feridas e hemorraxias
- ◆ Luxacións e contusións
- ◆ Torceduras

- ◆ Pautas de actuación en accidentes de tráfico
- ◆ Equipos de corte e separación
- ◆ Equipos hidráulicos
- ◆ Excarcelacións

3. Medios materiais

Co fin de proporcionar un servizo de calidade, axustado ás tarefas a desenvolver expostas no apartado 1 do presente anexo, cada GES contará con:

- Un vehículo todoterreo que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ao corrente en toda a documentación obrigatoria deste, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de seguro, impostos, etc.
- Batelumes, ferramentas e equipos de protección individuais (EPIs) necesarios para realizar a súa función. As características técnicas mínimas dos EPIs serán as marcadas polo “Comité de Loita contra Incendios Forestais” (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (Pladiga).
- Os vehículos de extinción dispoñibles de acordo coa súa operatividade.

En canto a roupa de traballo, os membros dos GES vestirán un uniforme axeitado ás características do seu traballo, na que figurará de forma visible a denominación “GES” e a zona de intervención, segundo o modelo que definirá a Xunta de Galicia.

4. Dirección e coordinación dos traballos

A coordinación técnica, en función das características da emerxencia ou da extinción dos incendios forestais, será cos servizos contra incendios, cos distritos forestais e/ou coa Central de Atención ás Emerxencias 112- Galicia.

A coordinación ordinaria levaraa o concello no que estea situada a base do grupo, tendo presente sempre o seu carácter supramunicipal.

Durante a extinción dos incendios forestais, todos os medios asignados a este estarán ás ordes do director técnico de Extinción, que é o responsable máximo da dirección de extinción do incendio. Deste xeito cúmprese co principio de mando único reflectido polos artigos 48.3 e 48.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia.

5. Alcance e ámbito territorial

Cada GES realizará os traballos de intervención na extinción de incendios e emerxencias no ámbito supramunicipal delimitado pola súa zona de actuación conforme co establecido no anexo I.

Así mesmo poderán ser requiridos para colaborar na defensa de incendios forestais declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.

Os grupos terán que ter unha operatividade de 24 horas os 365 días do ano. Para tales efectos, terán de forma presencial, como mínimo, dous efectivos en disposición de saída para as emerxencias.

6. Dotación orzamentaria

Estes traballos serán financiados pola Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería do Medio Rural e do Mar.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 1 de marzo do ano 2014, sempre e cando exista crédito suficiente para tal fin.

“1º.- Corrixir o erro que se produciu na translación literal das propostas ao acordo plenario, adoptado polo Pleno da Corporación o 27 de xullo de 2012, no que quedou aprobado o convenio a asinar co Concello de Corcubión para financiar a construción e equipamento da nave de protección civil do concello, para determinar de forma indubitada que a subvención da Deputación ao proxecto ascende a 176.827,15 € e que se estende tanto ao proxecto de construción da nave como á súa subministración de equipamento e mobiliario.

2º.- Tomar coñecemento do cumprimento da condición imposta ao Concello de Corcubión de obter a autorización de Portos de Galicia para a obra de construción da nave no emprazamento previsto.

3º.- O crédito para facer fronte ao presente gasto foi incluído no EMC 1/2013.”

21.-TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO PARA O ESTABLECEMENTO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE ARANGA, IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR PARA A CONSTITUCIÓN DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL DE LAMBRE-MANDEO DE SERVIZOS PÚBLICOS CONSORCIADOS, APROBADO POLOS RESPECTIVOS CONCELLOS DE ARANGA, IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR, E DA DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DOS RESPECTIVOS CONCELLOS, ASÍ COMO DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN NO CITADO CONVENIO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Tomar coñecemento da aprobación do convenio marco para o establecemento das bases de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e os Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior para a constitución da Comunidade Intermunicipal de Lambre-Mandeo de Servizos Públicos Consorciados, aprobadas polos respectivos Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior.

2º.- Tomar coñecemento dos representantes designados por cada concello que son os seguintes:

ARANGA: D. Alberto Platas Álvarez, Alcalde e D. José Antonio Yáñez Abad, concelleiro

IRIXOA: D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde e D. José Ángel Roca Díaz, primeiro tenente alcalde

MONFERO: D. Benjamín Modesto Rodríguez Abad, Alcalde e D^a María José Ramos Ramos, concelleira

VILARMAIOR: D. Carlos Vázquez Quintián, Alcalde e D. Dionisio Rico Martínez, concelleiro

3º.- Designar en representación da Deputación os seguintes deputados provinciais:

D. Manuel Taboada Vigo
D. Carlos Enrique López Crespo

4º.- Formalizar o correspondente convenio

5º.- Facultar o presidente da Deputación ou deputado/a en quen delegue para a súa sinatura.”

22.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA E EN CONSECUCIA TRANSFERENCIA DA TITULARIDADE DA DP 3007 DESDE A GRELA Á MOURA AO CONCELLO DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir a titularidade ao Concello da Coruña da D.P. 3007 DESDE A GRELA Á MOURA.

2.- Formalizar co Concello da Coruña as correspondentes actas de entrega e recepción que perfeccionarán o cambio de destino dos bens.

3.- Dar de baixa no Inventario de Bens da Deputación Provincial da Coruña os bens: D.P. 3007 DESDE A GRELA Á MOURA.”

23.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2013, 4ª FASE: DP 5401 NARÓN AO VAL, REFORZO DO FIRME PQ 0+000 AO 3+500. NARÓN.

INTERVENCIÓNS

Sr. Soto Vivero

Bo día, nós imos votar a favor deste punto na orde do día, pero vemos con certa sorpresa que se reproduce unha situación anterior, concretamente cando aprobamos hai uns meses unha obra da estrada de Ares a Chanteiro, unha obra que inicialmente estaba prevista unha execución máis completa e máis ampla, e nesta obra que imos aprobar hoxe pasa máis do mesmo, coa particularidade de que esta

obra que aprobamos hoxe, concretamente, vai incluída tamén no orzamento provincial para este ano dentro do que é o Plan de vías provinciais, cun orzamento próximo aos 900.000 euros. Entón, a nós o que nos gustaría é ter a garantía de que se vai executar esta obra agora dentro do Plan de conservación, realmente a curto e medio prazo non vaia quedar no esquecemento esa obra que vai proxectada nos orzamentos provinciais para 2013, que é concretamente esa obra de ampliación e de reafirmamento do trazado entre Narón e O Val, concretamente na DP 4601.

Sr. Presidente

Non se preocupe que no esquecemento non cae nada, se temos capacidade farémolo todo, se pode ser, este ano ou este mes.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- 1) “Aprobar o Plan de CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2013, 4ª FASE cun orzamento total de 265.781,06.- euros, con cargo á aplicación 0401/453A/61900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
D.P. 5401 NARON AO VAL REFORZO DE FIRME P.K. 0+000 A 3+500. NARÓN. 1311000037.0	265.781,06

- 2) Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

24.-APROBACIÓN TÉCNICA E A SÚA POSTERIOR INCLUSIÓN NUN PLAN PROVINCIAL DO PROXECTO QUE SE RELACIONA E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DE DITAS OBRAS: AMPLIACIÓN E MELLORA DA DP 1402 PONTECESO A PEDRA POLO BOSQUE PQ 0+000 AO PQ 4+280 (CABANA DE BERGANTIÑOS).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán O PLAN DE VIAS PROVINCIAIS. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓN)
AMPLIACION E MELLORA DA DP 1402 PONTECESO A PEDRA POLO BOSQUE PK 0+000 A PK 4+280 (CABANA DE BERGANTIÑOS)	817.573,49	101.005,10
Totais	817.573,49	101.005,10

Expor ao público o citado proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base aos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras AMPLIACIÓN E MELLORA DA DP 1402 PONTECESO Á PEDRA POLO BOSQUE PK 0+000 A PK 4+280 (CABANA DE BERGANTIÑOS).

Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras AMPLIACIÓN E MELLORA DA DP 1402 PONTECESO Á PEDRA POLO BOSQUE PK 0+000 A PK 4+280 (CABANA DE BERGANTIÑOS) mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen.”

25.-APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CESURAS PARA FINANCIAR A OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE AMPLIACIÓN DE LOCAL SOCIAL EN CARRES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Cesuras para financiar as obras incluídas no proxecto de obras CONSTRUCCIÓN DA AMPLIACIÓN DE LOCAL SOCIAL EN CARRES -CESURAS- cunha achega de 47.805,89 (que supón unha porcentaxe de financiamento do 97,52% sobre un orzamento subvencionable de 49.021,30 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/337B/762.01

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE AMPLIACIÓN DE LOCAL SOCIAL EN CARRES T.M CESURAS

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr.D.

Alcalde Presidente do Concello de Cesuras

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cesuras ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cesuras con CIF P-1502600-H, para o financiamento da obra de “CONSTRUCCIÓN DE AMPLIACIÓN DE LOCAL SOCIAL EN CARRES T.M CESURAS.”, tal como aparece definida no proxecto técnico de execución redactado por DON/Antonio López Panete , (ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL)

2- O CONCELLO DE CESURAS, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra “CONSTRUCCIÓN DE AMPLIACIÓN DE LOCAL SOCIAL EN CARRES T.M CESURAS.”E está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, O CONCELLO DE CESURAS, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase co seguinte detalle:

P..E.M	34.044,93 €
GASTOS XERAIS	4.425,84 €
BENEFICIO INDUSTRIAL	2.042,70 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO 21%-	8.507,83 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	49.021,30 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 47.805,89 € o que representa unha porcentaxe de 97,52% do presuposto de execución das obras

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 97,52 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade,

etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/337B/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao CONCELLO DE CESURAS de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que O CONCELLO de Cesuras obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE CESURAS o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, O CONCELLO DE CESURAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que o CONCELLO DE CESURAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, O CONCELLO DE CESURAS estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE CESURAS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

2. Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo director dela, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
2. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
6. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE CESURAS, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
7. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CESURAS na documentación entregada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CESURAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo

menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE CESURAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Cesuras para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o CONCELLO DE CESURAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O CONCELLO DE CESURAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE CESURAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CESURAS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CESURAS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de Execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de Execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 € e se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Cesuras serán remitidas á Intervención Xeral do Estado para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CESURAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2013 quedando condicionado o seu pago a existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade 2013

2. Para o caso de que O CONCELLO DE CESURAS non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2013 deberá

solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CESURAS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesa data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CESURAS, respectivamente.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CESURAS

DIEGO CALVO POUSO”

26.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE BRIÓN PARA FINANCIAR A OBRA DE MELLORA DO ACCESO Á SALA DE EXPOSICIÓNS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

A) “Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Brión para financiar as obras incluídas no proxecto de MELLORA DO ACCESO DE ENTRADA Á SALA DE EXPOSICIÓNS cunha achega de 3.789,92 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 81,49%) sobre un orzamento subvencionable de 4.651,06 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/169A/762.01

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE MELLORA DO ACCESO A SALA DE EXPOSICIÓNS

Na Coruña, o _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña
Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de BRIÓN, D. José Luis García García.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de BRIÓN ambas as dúas partes
A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de BRIÓN con CIF P-1501300-F para o financiamento da obra de MELLORA DO ACCESO A SALA DE EXPOSICIÓNS, tal como aparece definida no proxecto técnico de execución redactado pola arquitecta técnica Paula Puga Lorenzo

2- O Concello de BRIÓN, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de BRIÓN, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, especifícase co seguinte detalle:

P. E.M: _____	3.230,12 euros
Gastos xerais 13,00% _____	419,92 euros
Beneficio industrial 6,00 % _____	193,81 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO _____	807,21 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA _____	4.651,06 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 3.789,92 euros o que representa unha porcentaxe de 81,49 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 81,49 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/169A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de BRIÓN de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de BRIÓN o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de BRIÓN axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que o Concello de BRIÓN tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, xunto cos informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de BRIÓN estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de BRIÓN pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo director dela, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de BRIÓN, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de BRIÓN na documentación entregada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de BRIÓN terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de BRIÓN deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de BRIÓN para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de BRIÓN da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de BRIÓN deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de BRIÓN destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de BRIÓN poderao escoller a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de BRIÓN queda sometido aos procedementos de

fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de Execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de Execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de BRIÓN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicatoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de BRIÓN non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de BRIÓN perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesa data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do Concello de BRIÓN, respectivamente.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO
DE BRIÓN

DIEGO CALVO POUZO

JOSÉ GARCÍA GARCÍA"

27.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE BRIÓN PARA FINANCIAR A OBRA DE REPARACIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA GARDERÍA MUNICIPAL DO CONCELLO DE BRIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de BRIÓN, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, especificácase co seguinte detalle:

P. E.M:	12.718,49 euros
Gastos xerais 13,00%	1.653,40 euros
Beneficio industrial 6,00 %	763,11 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	3.178,35 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	18.313,35 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 14.922,63 euros o que representa unha porcentaxe de 81,48 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 81,48 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

1. Incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de Execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de Execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da

xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ames serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ames será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade nesa data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2013, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de Ames non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Ames perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesa data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten NATUREZA administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalles aos órganos da XURISDICIÓN contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita XURISDICIÓN, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE AMES

DIEGO CALVO POUSO

SANTIAGO AMOR BARREIRO”

35.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE AMES PARA FINANCIAR AS OBRAS “NOS COLEXIOS E COMEDORES DO CONCELLO DE AMES”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Ames para financiar as obras incluídas no proxecto de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial e o Concello de Ames para financiar as obras NOS COLEXIOS E COMEDORES DO CONCELLO DE AMES” cunha achega de 38.425,82 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 78,061%) sobre un orzamento subvencionable de 49.225,07 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/321A/462.01.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS “NOS COLEXIOS E COMEDORES DO CONCELLO DE AMES”

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde Presidente do Concello de Ames, Don Santiago Amor Barreiro,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ames ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1-O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames con CIF P15002001 , para o financiamento DAS OBRAS “NOS COLEXIOS E COMEDORES DO CONCELLO DE AMES”, tal como aparece definida no proxecto técnico de execución redactado por Margarita Iglesias Santomé, arquitecta técnica.

2- O Concello de Ames, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Ames, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, especificase co seguinte detalle:

P. E.M:	35.055,59 euros
GASTOS XERAIS	4.557,23 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL	2.103,34 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	7.508,91 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	49.225,07 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 38.425,82 euros, o que representa unha porcentaxe de 78,061%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,061% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/321A/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Ames de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Ames o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Ames axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que o Concello de Ames tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, xunto cos informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Ames estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Ames pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

* Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

* Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo director dela, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

* Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta

* Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

* Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

* Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ames na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ames terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustifico do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo

menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Ames deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ames para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ames da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Ames deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Ames destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ames poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ames queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de Execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de Execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidárase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ames serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ames será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2013, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de Ames non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Ames perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesa data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE AMES

DIEGO CALVO POUSO

SANTIAGO AMOR BARREIRO”

36.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE AMES PARA FINANCIAR AS OBRAS DE MANTEMENTO E MELLORA ENERXÉTICA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL O BOSQUE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Ames para financiar as obras incluídas no proxecto de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial e o Concello de Ames para financiar as obras “DE MANTEMENTO E MELLORA ENERXÉTICA NA EIM DO BOSQUE”” cunha achega de 12.148,71 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 78,061%) sobre un orzamento subvencionable de 15.563,00 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/321A/462.01.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA ENERXÉTICA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE O BOSQUE”

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde Presidente do Concello de Ames, Don Santiago Amor Barreiro,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ames ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1-O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames con CIF P1500200I , para o financiamento OBRAS DE MELLORA ENERXÉTICA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL O BOSQUE”, tal como aparece definida no proxecto técnico de execución redactado por Margarita Iglesias Santomé , arquitecta técnica.

2- O Concello de Ames, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras.

O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Ames, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, especifícase co seguinte detalle:

P. E.M:	11.083,18 euros
GASTOS XERAIS	1.440,81 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL	664,99 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	2.374,02 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	15.563,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 12.148,71 euros , o que representa unha porcentaxe de 78,061%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,061% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/321A/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Ames de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Ames o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Ames axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Ames tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, xunto cos informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Ames estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Ames pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- * Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- * Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo director dela, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación

- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- * Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- * Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta

- * Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- * Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- * Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- * Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co

primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ames na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ames terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Ames deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ames para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ames da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Ames deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Ames destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ames poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ames queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de Execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de Execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 € .

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da

subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ames serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ames será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de Ames non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Ames perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesa data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE AMES

DIEGO CALVO POUSO

SANTIAGO AMOR BARREIRO”

37.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE RIANXO PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA CARPA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E DE SERVIZOS AO AIRE LIBRE NO CONCELLO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Rianxo para financiar as obras incluídas no proxecto de ADQUISICIÓN DUNHA CARPA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E DE SERVIZOS AO AIRE LIBRE NO CONCELLO cunha achega de 35.738,56 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80,00%) sobre un orzamento subvencionable de 44.673 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/338A/76201

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE RIANXO PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA CARPA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E DE SERVIZOS AO AIRE LIBRE NO CONCELLO

Na Coruña, o

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Adolfo F. Muíños Sánchez, Alcalde Presidente do Concello de RIANXO

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de RIANXO, CIF: P1507300J para o financiamento da ADQUISICIÓN DUNHA CARPA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E DE SERVIZOS AO AIRE LIBRE NO CONCELLO

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello de RIANXO, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 44.673,20 EUROS.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 35.738,56 euros, o que representa unha porcentaxe de 80%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade..

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/338A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial

2. Adquirido o ben, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:
 - persoa adxudicataria,
 - importe do contrato
 - e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):
- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES

antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da formalización do contrato e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderaa escoller a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso,

segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de Execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de Execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do moble ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de RIANXO non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar

antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de RIANXO perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesa data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten NATUREZA administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada o ..

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE RIANXO

Diego Calvo Pouso

Adolfo F. Muíños Sánchez”

38.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CURTIS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO CENTRO ETNOGRÁFICO DE CURTIS, SITUADO EN TEIXEIRO (CURTIS) NO MARCO DO “PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO” COFINANCIADO POR FONDOS FEDER.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade que se ha realizar procede APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS con C.I.F.:P1503200F, PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO CENTRO ETNOGRÁFICO DE CURTIS, SITUADO EN TEIXEIRO (CURTIS) NO MARCO DO PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO COFINANCIADO POR FONDOS FEDER cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 9.000,00€, (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100% do orzamento total de gastos) que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 0501/172D/46201.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO CENTRO ETNOGRÁFICO DE CURTIS, SITUADO EN TEIXEIRO (CURTIS) NO MARCO DO “PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO” COFINANCIADO POR FONDOS FEDER

Na Coruña, o de 2013 na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso

e doutra parte, o Sr. Javier Francisco Caínzos Vázquez, Alcalde do Concello de Curtis.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e,

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do concello en promover o desenvolvemento da conca do río Mandeo no ámbito territorial de cada unha das administracións actúantes, de acordo cos obxectivos e contidos do proxecto denominado “Mandeo. Posta en valor da conca fluvial. 1ª Fase río Mandeo” cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, en virtude da Resolución do 13 de xuño de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial

Unha vez executadas pola Deputación provincial as obras e instalacións do proxecto emprazadas no termo municipal de Curtis

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme as seguintes cláusulas:

1.OBXECTO

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Curtis CIF:P1503200-F, para garantir a apertura do centro etnográfico de Curtis executado no ámbito territorial deste concello

TERMOS DO CONVENIO

→ Obrigas do Concello de Curtis

1. O Concello de Curtis achegará o persoal necesario para a atención a visitantes do Centro etnográfico desde o 1 de xuño de 2013 ata o 31 de outubro de 2013. O Concello porá en funcionamento o centro e encargarse das visitas que se reciban.
2. O Concello de Curtis comprométese á apertura do centro de acordo cos seguintes horarios:
 - Martes -venres de 10h a 13h e de 16h a 19h
 - Sábados e domingos de 10h a 13h
 - Luns e festivos pechado

O centro permanecerá aberto 30 horas á semana.

3. O Concello de Curtis organizará visitas ao centro durante o período indicado (5 meses). No marco do presente convenio, o concello organizará como mínimo 2 visitas ao mes, para o que establecerá contactos con colexios, institutos e asociacións do municipio, así como coas demais entidades da cunca do Mandeo.

Neste sentido, durante este período O Concello levará un rexistro/libro de visitas ao centro, así como a elaboración dun dossier fotográfico das visitas realizadas.

→ Obrigas da Deputación da Coruña

1. A Deputación da Coruña achegaralle 9.000€ con cargo á aplicación 0501/172D/46201 ao Concello de Curtis para a contratación do persoal durante o período establecido. Polo tanto, o presuposto polo que se instrumentaliza o presente convenio é de 9.000 €, o que representa un coeficiente de financiamento do 100 %, que se pagarán ao Concello de Curtis na forma prevista nas cláusulas VI e VII.
2. A Deputación poñerá a disposición do Concello de Curtis o servizo de transporte de autobuses para o traslado de grupos e visitas organizadas, servizo derivado do contrato marco de transportes da Deputación, ata o límite das dispoñibilidades orzamentarias existentes, e despois de que o Concello de Curtis lle comunique á Deputación da Coruña os servizos que se pretenden realizar, co fin de que a Deputación poida comprobar a existencia de crédito adecuado e suficiente ata o límite de 2.000 euros que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 0202/920D/223
3. A Deputación da Coruña poñerá a disposición do Concello de Curtis material didáctico e promocional e medios técnicos xerados no marco do proxecto Mandeo para o seu uso no centro.
4. Durante a duración deste Convenio, todos os gastos do Centro, excepto o persoal, serán a cargo da Deputación.

→ Obrigas da Deputación da Coruña e do Concello de Curtis

- A Deputación da Coruña asume o seguinte compromiso e obriga "Garantir o correcto estado de conservación das obras e instalacións executadas e polo tanto o cumprimento do artigo 57 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no referido á invariabilidade das operacións".

Artigo 57. O Estado membro ou a autoridade de xestión garantirán que unha operación unicamente reteña a contribución dos Fondos se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu fin, ou antes de tres anos, unha modificación substancial:

a) *que afecte á súa natureza ou ás súas condicións de execución ou que outorgue a unha empresa ou a un organismo público vantaxes indebidas,e*

b) *que se derive dun cambio na natureza da propiedade*

- O Concello de Curtis garante a apertura do centro.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte a un orzamento de 9.000 € .

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 9.000 €, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100%, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/172D/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a contratación do persoal que precise.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación aplicable

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na base 56º das de execución do orzamento para o ano 2013 ata o 50 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación do persoal necesario para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: nome, apelidos, DNI, retribucións e copia do contrato
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A memoria incluírá unha descrición das actividades realizadas, o libro-rexistro de visitas recibidas e unha reportaxe fotográfica,
- Copia compulsada das nóminas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo das nóminas

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizado o obxecto do contrato deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio..

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de Execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xuño de 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2013 e conforme ao prazo indicado na cláusula 1ª.

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 30 de novembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CURTIS

Diego Calvo Pouso

Javier Francisco Caínzos Vázquez”

39.-APROBACIÓN DO ACORDO DE PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA 2013-2015.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Planificación estratéxica 2013 -2015

Desde hai meses, na Deputación da Coruña, traballamos para renovar e transformar a actual Corporación provincial nunha administración local máis moderna, nun

gobierno supramunicipal que teña como razón de ser e prioridade indiscutible a prestación aos municipios de apoio técnico e solvencia profesional, é dicir, que innove vinculando os recursos económicos e a cooperación cos municipios aos proxectos técnicos requiridos por estes, achegándolles competencia profesional e actuando cunha visión de conxunto.

A vontade política e o traballo de cambio van xerar ademais procesos de reflexión, que han ser culminados coa redacción e aprobación de varios documentos, o Plan de obxectivos 2013-2015, o Plan para a renovación da deputación e, probablemente, os posteriores Plans de mandato que tomarán como referencia os dous documentos antes citados. Para ser capaces de transformar a estrutura organizativa, desenvolveremos o oportuno Plan de emprego 2013-2015, acordado coa representación dos traballadores en novembro de 2012 e que agora incorporará ás súas bases os principios recollidos neste documento.

O Plan de renovación desenvolverá dúas ideas novas na deputación, o sistema de traballo en rede cos concellos, e o traballo conxunto e concertado con eles, baseándose na especialización e profesionalización dos recursos humanos e na xestión do coñecemento, na propia deputación e para os concellos que participen.

Obviamente non se trata agora de inventar a roda, nin de aplicar unicamente unha metodoloxía concreta de planificación estratéxica para elaborar unha planificación para o territorio e para o fomento do desenvolvemento económico e social. A estas alturas do século XXI, moi caracterizado pola expansión da dixitalización, a xestión e o acceso á información a nivel global, unha estratexia para a renovación ou modernización dunha deputación esixe algo máis. O papel da deputación está "á beira dos municipios" (traballo en rede) e xustificarase como goberno deseñando políticas para resolver necesidades dos municipios "cos municipios" (concertación). O gran factor diferencial das deputacións consiste na súa propia natureza instrumental, como goberno intermedio con competencias funcionais que pode contribuír con economías de escala ao desempeño das competencias materiais dos municipios. Os concellos saben o que queren e tamén saben o que necesitan, e a mellor forma de non equivocarse no deseño das políticas destinadas a estes é activar a súa implicación. Repartir fondos e facer plans provinciais de obras e servizos é só manter o status quo.

Un dos riscos de alcanzar éxitos é caer na autocompracencia e esquecer a necesidade de evolucionar constantemente e de ser crítico e esixente co labor que se realiza. Da reflexión con diversos profesionais, sobre o actual modelo organizativo da deputación, poderíamos destacar que unha dificultade relevante para realizar o traballo co nivel de excelencia óptimo é a falta de coordinación e transversalidade interna. Os servizos da Deputación lograron un alto coñecemento e unha gran experiencia respecto dos seus ámbitos de traballo, pero non hai boas canles de comunicación e coordinación eficientes entre eles.

Esta falta de coordinación e de transversalidade na planificación e a xestión de proxectos entre os propios servizos da deputación dificulta o desenvolvemento de políticas máis globais e a representación e planificación do territorio desde unha perspectiva integral. Existen necesidades que requiren respostas transversais, pero a propia organización xerárquica e estática dos servizos e a falta de canles de comunicación áxiles da entidade dificulta o seu desenvolvemento.

Nun escenario con novas e crecentes realidades sociais, cada vez máis complexas, a deputación debe renovar e actualizar o seu modelo de xestión e cultura organizativa. Estes cambios deben permitir dispor da necesaria flexibilidade en todos os seus servizos para evitar a falta de adecuación ás necesidades locais diarias dos concellos e, ao mesmo tempo, avanzar cara a políticas máis proactivas, anticipativas e integrais, en lugar de ter que actuar de forma reactiva e sectorializada cando chega cada demanda municipal.

Na deputación entendemos tamén que o concepto de traballo en rede recolle moitos dos elementos que definirán a nova forma de traballar, pois preténdese construír un espazo local forte, estruturado e dinámico, que poida ofrecer servizos de calidade a todas e cada unha das persoas que viven nos municipios da provincia da Coruña.

A idea de concertación suscitará máis escepticismo, pero tamén expectativas, tanto a nivel externo como a nivel interno. Son moitas as vantaxes dun modelo de deputación onde as prioridades municipais marquen as políticas da propia deputación. O concepto de concertación é innovador e inclúe tamén as formas de traballar dos plans provinciais. Probablemente debamos empezar aquí por unha consulta específica aos alcaldes de toda a provincia, preguntándolles por iso. A súa resposta animaranos, ben a refinar o concepto, ben a levalo así adiante explicando o seu contido ao persoal da deputación e, se procede, creando e lanzando unha Oficina de Concertación propia cos recursos humanos da Deputación.

As deputacións son institucións idóneas para a concertación da cooperación. Un dos obxectivos das deputacións na súa misión de cooperación é a constitución de redes intermunicipais de xestión e prestación de servizos locais. As deputacións deben orientar as súas políticas de cooperación cara ás demandas municipais. Os concellos deben expresar as súas prioridades á deputación, de modo que a acción concertada poña ao servizo dos municipios toda a capacidade técnica da provincia.

Sempre é bo dispor dunha referencia ou proxecto que nos inspire, que nos oriente e que nos axude a superar as conxunturas propias do curto prazo, e máis nun proceso pensado a longo prazo, dun ideal que nos sirva de contraste coa realidade e que nos evite ser cativos do día a día. O modelo innovador da Deputación de Barcelona é a referencia, demostrando tras moitos anos de traballo que unha deputación actuando como unha rede de municipios é un goberno intermedio necesario, e facendo boa aquela expresión que se ha ir facendo habitual entre moitos dos protagonistas do mundo local "Se non houbese deputacións, habería que inventalas". Consideramos que a súa innovación, o seu modelo e o entendemento da deputación como unha rede de concellos traballando conxunta e solidariamente é a referencia básica e o camiño a seguir a medio e longo prazo. Sen dúbida debemos recoñecer que a Deputación de Barcelona foi pioneira no camiño da modernización, pasando de ser unha administración asistencial a converterse, co uso racional e imaxinativo dos seus recursos, nun instrumento áxil e eficaz ao servizo do mundo local.

Nunca é fácil trasladar unha experiencia exitosa do lugar onde xorde e onde funciona a outro distinto. Necesitaremos importar só aquelas partes realmente aplicables da súa experiencia e traballalas coas nosas maneiras e recursos, pero, o seu modelo innovador será esa referencia.

Iniciaremos o noso propio camiño elaborando o Plan de obxectivos 2013-2015 e o Plan de renovación, para definir a medio prazo unha nova estratexia institucional que

sexa, por encima de calquera outra consideración, realista e posible. En todo caso, unha cousa debe quedar moi clara: a Deputación non renuncia, nin renunciará a desenvolver políticas e estratexias de apoio aos municipios e de reequilibrio territorial. É a súa propia razón de ser e é a vontade política.

E por todo iso, conforme as instrucións da Presidencia da Deputación, no presente exercicio 2013 iniciouse un proceso de reestruturación orgánica e de renovación da entidade, e xa se propuxeron ao Pleno para a súa aprobación, unha vez seguido o procedemento legal vixente, as primeiras accións derivadas do devandito proceso de cambio e as consecuentes modificacións de persoal, de relación de postos de traballo e do organigrama actualmente vixente. Durante os próximos meses continuarase traballando moi intensamente no devandito proceso e, previsiblemente, tanto no mes de xullo como no mes de novembro do presente exercicio elevaranse ao Pleno novas propostas resultantes do proceso, respectando en todo momento o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de conformidade coa normativa vixente, para empezar a renovar o modelo e a estrutura organizativa, mellorar en eficacia e en eficiencia, e mellorar a prestación integral dos servizos públicos no territorio provincial.

O acordo plenario do 23 de novembro de 2012, de aprobación inicial do orzamento, relación de postos de traballo e persoal para o exercicio 2013, fixou as bases para a elaboración dun Plan de emprego 2013-2015, e tendo en conta o que dispón o Estatuto básico do empregado público aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril, no seu artigo 69 e o artigo 3 do Texto refundido da lei da función pública de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, artigo 31, normativa reguladora dos plans de emprego, recentemente propúxose para tramitación e elevación ao Pleno da Deputación:

1.- A reestruturación orgánica das seguintes ÁREAS ORGANIZATIVAS, que se crean no marco do citado Plan de emprego 2013-2015, mediante as oportunas modificacións do persoal, da relación de postos de traballo e do organigrama (segundo se especificará en cada proposta específica de reestruturación, xunto con amortizacións de postos e prazas, e que en global deberán supor a redución do custo total e a redución do número de efectivos):

- SECRETARÍA XERAL
- INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA
- TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS
- ACCIÓN TERRITORIAL
- DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE
- SERVIZOS PROVINCIAIS
- PERSOAL E ORGANIZACIÓN

2.- Desenvolver a dita reestruturación de cada nova área con base na orientación e bases establecidas para a elaboración e desenvolvemento do Plan de emprego 2013-2015 acordado coa representación dos traballadores, traballos que actualmente se están desenvolvendo satisfactoriamente, segundo o previsto e explicitamente contemplado en novembro de 2012 para *“tratar de conseguir unha maior eficacia e eficiencia na organización dos recursos humanos dispoñibles na actualidade, seguindo a filosofía renovadora do Estatuto básico do empregado público citado ao principio. Este ámbito temporal de tres anos permitirá ademais a necesaria*

flexibilidade para a súa adaptación á contorna global e mesmo a unha posible recuperación económica no devandito período, así como a optimización da planificación e xestión dos recursos humanos desta deputación. O Plan orientarase segundo as bases que se exporán a continuación. Tamén se prevé aquí a promoción interna dos traballadores do grupo A2 ao grupo A1, na mesma liña das promocións anteriores, sempre que os devanditos traballadores estean en posesión dalgunha das titulacións que se especifiquen na correspondente relación de postos de traballo, que cumpran coas características de idoneidade que se definan para os correspondentes postos e dispoñan da antigüidade mínima que se acorde, e todo iso en definitiva, a prol de conseguir un persoal que responda aos principios de racionalidade, economía e eficiencia. A dita promoción interna poderá iniciarse en canto exista un consenso coa representación sindical respecto da forma e bases da súa execución, e se iso fose imposible a devandita promoción iniciaríase en canto se alcanzase un acordo apoiado cunha maioría suficiente da citada representación.

Detállase a orientación e as principais bases para a elaboración do citado plan de emprego cuxa execución, tras os oportunos traballos de análises e diagnóstico, permita ampliar a eficacia na consecución dos obxectivos que se definan na entidade, evite duplicidades que actualmente puidesen existir, reducindo burocracia, simplificando trámites administrativos, mellorando a xestión dos servizos e dos medios comúns, e permitindo unha maior eficiencia na prestación dos servizos esenciais para os concellos e cidadáns da provincia.

O devandito Plan de emprego non se centrará unicamente nos temas de estrutura e organización, nin só nas medidas de aforro e de carácter económico, nas que obviamente haberá que seguir profundando, senón que, cos medios dispoñibles, expóranse tamén medidas de fondo que incidan na modernización da deputación e da súa función pública, coa definición e avaliación de obxectivos, globais e específicos, e coa avaliación de maneira continua do desempeño das funcións dos empregados públicos da deputación.

O Estatuto básico do empregado público constitúe o marco xurídico máis adecuado para abordar esta tarefa e, do seu propio articulado, dedúcese o carácter relevante que se lle outorga á avaliación do desempeño, quedando configurada como un elemento transversal no texto da norma, presente en 6 títulos, 6 capítulos e 17 artigos distintos, ligado á regulación do persoal directivo, aos dereitos individuais, á carreira profesional, á provisión do posto de traballo e a súa continuidade nel e á súa vinculación ao establecemento de retribucións complementarias, baseadas na produtividade e o rendemento.

Existe, por tanto, o contexto normativo adecuado e unha necesidade de modernizar as administracións públicas, medindo que se fai e como se fai, para conseguir gañar en eficacia e eficiencia, e utilizando as tecnoloxías da información como un elemento transformador. O reto do Plan de emprego consistirá en lograr a implantación dos sistemas de avaliación do desempeño que sexan máis adecuados para a entidade e en salvar as reticencias da propia cultura administrativa. Loxicamente será necesario un desenvolvemento normativo interno que articule as cuestións técnicas, pero sobre todo será determinante o establecemento dunha tendencia firme a definir obxectivos, como elemento global e como elemento central na articulación da definición dos postos de traballo. Haberá que dotarse dun modelo e do adecuado sistema de definición de competencias e obxectivos, e empezar a aplicalo gradualmente, sendo conscientes de que será necesario un relevante traballo interno de definición (postos

de traballo, competencias, obxectivos, sistemas de medición, formación, etc.) e que para facer viable o encaixe do modelo haberá que implantar un sistema de información que permita trasladar o devandito modelo á organización. Pero sen dúbida o maior reto de todas as tarefas a tratar será conseguir implicar á organización nunha cultura compartida de avaliación e desenvolvemento das persoas, o cal será posible co pleno convencemento de que estas solucións e sistemas son unha ferramenta eficaz de mellora da eficiencia e da organización produtiva, e que ben articuladas constituirán un elemento de motivación e de desenvolvemento das habilidades e competencias dos empregados públicos.

Con base nunha metodoloxía que permita deseñar e aplicar de maneira práctica a avaliación do desempeño, os funcionarios da deputación poderán desenvolver mellor o seu talento e crearse unha cultura organizativa que premiará o esforzo e a dedicación dos devanditos empregados públicos na prestación dos servizos esenciais para os concellos e para o conxunto da cidadanía, incidindo todo iso de maneira positiva tanto na maneira de traballar como na eficiencia e calidade dos servizos públicos.

E por iso, dentro da política global de recursos humanos da deputación, proponse desenvolver o Plan de emprego para adecuar os diversos ámbitos internos de traballo da deputación ás súas propias necesidades e obxectivos, co fin de incrementar a súa eficacia e a súa eficiencia. O devandito plan empezase a traballar en 2013 e o marco temporal de execución dos seus resultados poderase estender ata 2015, podendo o plan ser desenvolvido por ámbitos específicos de actuación susceptibles de aprobación parcial, coa finalidade de obter unha óptima planificación, xestión e utilización dos recursos humanos da entidade, e en todo caso respectando as limitacións orzamentarias que se establezan na Lei de orzamentos xerais do Estado, en particular en relación ás retribucións dos empregados públicos e á minoración da masa salarial, buscando en todo momento economías de xestión para conseguir reducir os custos e simultaneamente mellorar os resultados.

O Plan de emprego preverá a reformulación e mellora das actuais medidas de incentivo á produtividade e o rendemento, dirixíndoas cara á mellora da eficacia na consecución de obxectivos, á mellora na prestación dos servizos públicos e á obtención da máxima eficiencia na utilización dos recursos humanos e medios dispoñibles. As medidas deberán mellorar os sistemas actuais, ao ser organizativamente inconveniente que dous traballadores, desempeñando o mesmo posto de traballo e percibindo similares retribucións, aquel que está a responder cun especial rendemento, cunha actividade extraordinaria, ou cunha especial calidade nos seus labores, estea identicamente retribuído e compensado que aquel traballador que cumpre os estándares básicos do seu posto de traballo.

Entre os ámbitos de actuación do plan incluíranse inicialmente a área tributaria e os servizos de asistencia directa a municipios, así como outros ámbitos que permitan empezar a racionalizar, mellorar ou optimizar a prestación de servizos aos concellos para facelo da maneira máis eficiente posible e maximizar os resultados do uso dos recursos públicos dispoñibles. O Plan de emprego constituirá un instrumento fundamental para articular medidas que, a partir do aforro e a propia racionalización, axuste e mellora da estrutura organizativa, permita mellorar o rendemento, motivación e valoración dos recursos humanos de cada ámbito, sometendo a súa organización, planificación e xestión a procesos dotados de maior axilidade, perseguindo a máxima eficacia na consecución dos obxectivos que se definan a nivel corporativo,

procedendo coa maior eficiencia e responsabilidade na utilización dos recursos e medios asignados aos devanditos obxectivos, e optimizando os custos globais de persoal con base nas directrices de goberno da entidade e de todas as que anualmente se establezan a nivel estatal.

O devandito plan de emprego constituirá así unha ferramenta de planificación e ordenación da función pública na Deputación, para profundar na aplicación dos principios de eficacia, eficiencia e responsabilidade e para avanzar na mellora e avaliación dos seus servizos públicos. Para cada ámbito específico de actuación, a planificación desenvolverase con base no seguinte: a un diagnóstico real da situación dos recursos humanos dos que se dispón no devandito ámbito da organización, a unha identificación previa das necesidades a resolver na deputación e/ou nos concellos aos que esta presta servizo, e a unha formulación de obxectivos e solucións que permitan redirixir fluxos de traballo, redistribuír efectivos de acordo coas necesidades a resolver e de acordo coa repartición real das funcións e cargas de traballo que emanen da reorganización de cada ámbito específico. O Plan de emprego abordará tamén a flexibilización das funcións dos postos de traballo en cada ámbito, para que desde os distintos postos de traballo dispoñibles poida desenvolverse coa máxima eficiencia e responsabilidade os labores asignados. Así mesmo orientarase a formación de todo o persoal cara aos postos de traballo.

Respectando as bases e principios anteriormente citados, e de maneira específica as directrices que en materia de empregados públicos se establezan a nivel estatal, o Plan de emprego buscará tamén incrementar os niveis de integración e motivación do persoal, necesarios para afrontar os retos aos que se enfrontará a deputación nos próximos anos, e indispensables para optimizar recursos, manter ou mellorar os servizos á cidadanía nestes momentos de crise económica e restricións orzamentarias.

A través das oportunas resolucións da Presidencia regularanse o desenvolvemento, a execución e o seguimento do citado plan de emprego e a Comisión específica que elaborará e elevará a proposta, na cal terán representación todas as seccións sindicais que queiran participar."

Con base no acordado para o desenvolvemento, execución e seguimento do citado Plan de emprego, a través da correspondente resolución da Presidencia, do 8 de febreiro de 2013, designáronse os membros da citada Comisión, na que teñen representación todas as seccións sindicais que queiran participar, a cal, baixo a dirección do Sr. deputado-presidente da Comisión Informativa de Persoal e Réxime Interior, elabora e eleva as oportunas propostas, que se negocian, acordan e tramitan de conformidade coa normativa vixente. E, respectando os criterios e tempos establecidos, téntase que as propostas se desenvolvan en base a un proceso aberto e dialogante, e a un traballo reflexivo e participativo que permita, cos medios dispoñibles e tras os oportunos traballos de análises e diagnóstico, mellorar a política global de recursos humanos e empezar a desenvolver medidas de fondo que incidan na modernización da propia deputación e da súa función pública, coa definición e avaliación de obxectivos, globais e específicos, e coa avaliación de maneira continua do desempeño das funcións dos empregados públicos da deputación. A dita Comisión poderá acordar a incorporación de asesores externos para os temas máis relevantes, e á súa composición inicial poderanse ir incorporando os directores das áreas organizativas ou persoas en quen estes deleguen á hora de realizar as súas propostas de reestruturación.

Á Mesa Xeral de Empregados Públicos da Deputación correspóndenlle loxicamente as funcións xerais de negociación, e o posterior seguimento e interpretación dos acordos que se vaian alcanzando en relación co Plan de emprego 2013-2015, debendo, no posible, impulsar e vixiar xunto á propia Comisión específica o cumprimento de todo o acordado.

E con base no devandito proceso xeral, ao estudo de diversas propostas, e para contribuír ao éxito común dun proxecto global de renovación que poña en máis valor o papel da deputación no marco constitucional, deben establecerse e manterse abertas as novas liñas de acción, e propónse a APROBACIÓN do PLAN DE EMPREGO 2013-2015 que, nun marco de aforro e estabilidade orzamentaria, desenvolverase con base nos seguintes principios:

- Potenciar a formación e orientala ao desenvolvemento do posto de traballo para, a través dos oportunos procesos de cualificación e especialización, desenvolver medidas encamiñadas á promoción interna e á carreira profesional dos empregados públicos, con obxecto de orientar e pór en valor o potencial dos recursos humanos dispoñibles de acordos aos obxectivos.

- Incluír a formación e promoción interna do persoal como un mecanismo de modernización e maior rendibilización do potencial dos recursos humanos da deputación. E neste sentido, acabar de definir, lanzar e/ou completar, segundo o caso, os procesos abertos relativos a promoción interna e os pendentos de execución do vixente plan de emprego específico de reestruturación da área de organización e sistemas, tomando o modelo de promoción aí exposto como posible referencia para a súa extensión ás demais reestruturacións das novas áreas organizativas (a promoción ao grupo A1, ao grupo A2 e, en canto a lexislación así o permitise, desenvolver tamén a promoción ao novo grupo B contemplado no EBEP). Esta ferramenta quedaría aberta para os demais grupos e categorías para ser usada, con base nos principios de aforro e estabilidade, cando os recursos orzamentarios así o permitisen.

- Vincular adecuadamente a formación e a promoción profesional, ou carreira horizontal, para a mellora daqueles niveis de complemento de destino que puidesen corresponder como mecanismo de promoción. E de maneira complementaria ao sistema descrito, naqueles casos en que as circunstancias o aconsellen ou permitan, vincular tamén a formación e outras medidas de desenvolvemento directivo para a mellora e reforzamento dos postos de dirección ou mandos intermedios da organización, con novas modulacións do complemento específico e/ou a formulación de diferentes tipos ou factores de dedicación.

- Contemplar para todas as prazas vacantes interinadas que por lei actualmente xa poidan ser consolidadas e que constarán como un dos obxectivos do propio plan no marco da reestruturación das novas áreas organizativas, o mesmo esquema exposto para a consolidación prevista no vixente Plan de emprego específico de reestruturación da área de organización e sistemas, tomando ese modelo de consolidación como posible referencia para as demais reestruturacións. O Estatuto básico do empregado público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril, na súa disposición transitoria cuarta establece que se poden efectuar convocatorias de consolidación de emprego a postos dotados presupostariamente e que se atopen desempeñados interinamente con anterioridade a 1/1/2005, e de acordo co art. 23 da Lei 17/2012 do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013,

que dispón que ao longo do exercicio 2013 non se procederá á incorporación de novo persoal, salvo a que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores. E esta limitación alcanza ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto básico do empregado público, polo que, se incluirán no plan e realizarase o proceso de consolidación daquelas prazas ocupadas interinamente polo mesmo traballador con anterioridade a 1/1/2005 e incluídas en Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores, susceptibles de consolidación con base a esa norma.

- Estudar, o máis axiña posible, e se é posible xa no marco da reestruturación das novas áreas organizativas, cada unha das prazas vacantes cubertas actualmente por persoal interino, de maneira que finalmente, se resulta que do devandito estudo detallado das diferentes áreas organizativas e de cada vacante se conclúe que a dita praza interinada é necesaria para o proxecto de renovación, antes de finalizar o Plan de emprego 2013-2015 deberá expresarse o oportuno compromiso e concretar todas as actuacións necesarias a desenvolver para dar estabilidade a eses postos e, o máis axiña posible e con carácter prioritario, de acordo en todo momento coa lexislación vixente, iniciar entón o desenvolvemento do proceso de consolidación que puidese corresponder, previos os informes oportunos.

- Reformular, obxectivar e mellorar o actual sistema e medidas de incentivo á produtividade e o rendemento, dirixíndoas cara á mellora da eficacia na consecución de obxectivos previamente definidos mediante a medición e avaliación dos correspondentes indicadores de resultados, á mellora na prestación dos servizos públicos e á obtención da máxima eficiencia na utilización dos recursos humanos e medios dispoñibles. O novo sistema, que xa se aplicará inicialmente en 2013, e que estará vixente para o período contemplado no Plan de emprego 2013-2015, contemplará como un dos seus principios o seguinte: "dous traballadores, desempeñando o mesmo ou equivalente posto de traballo e percibindo iguais ou similares retribucións, aquel que está a responder cun especial rendemento, cunha actividade extraordinaria, ou cunha especial calidade nos seus labores, estará mellor retribuído e compensado que aquel traballador que cumpre só os estándares básicos do seu posto". A exhaustividade e obxectividade coa que se aplicará o sistema en 2015, unha vez totalmente reformulado e implantado, contemplárase que serán menores en 2014 e inferiores en 2013. O novo sistema de incentivos á produtividade e ao rendemento poderá contemplar un dobre concepto que, por exemplo, poderían denominarse "complemento por obxectivos/resultados" e "complemento por desempeño/resultados", ou similares, de tal maneira que, sen cerrar a ningún traballador o acceso ao novo sistema de valoración, con todo, se distinga entres aqueles traballadores que xa teñen retribuídas as súas funcións e o seu traballo con outros posibles complementos, dos traballadores que, normalmente están máis na base da organización, contribúen aos "resultados" sen os referidos complementos adicionais. O novo sistema deberá contemplar, ademais, algún tipo de mecanismo de retroalimentación, posible mellora ou crecemento, vinculado á obtención, e mantemento no tempo, de eficiencias e aforros estruturais que melloren a sustentabilidade e o aforro orzamentario.

- Mellorar e adecuar á realidade actual e á contorna cambiante os instrumentos "persoal" e "relación de postos de traballo" analizando detalladamente e contemplando aquelas medidas que, sen implicar incrementos do capítulo I do

orçamento anual de gastos, supoñan ou poidan supor nas futuro melloras nas condicións laborais aplicables aos recursos humanos da deputación; e como exemplos, a unificación de denominacións de postos equivalentes ou con funcións similares; a transformación de postos da escala especial á escala xeral, con obxecto de facilitar aos traballadores a súa posible mobilidade interna ou externa entre administracións; a identificación e elaboración do catálogo de postos de traballo de persoal laboral susceptibles de seren incorporados a un proceso de funcionarización; e do catálogo de postos laborais que no futuro obrigatoriamente deberían ser cubertos ou desempeñados por persoal funcionario con base na aplicación da normativa vixente; e por tanto tamén do catálogo de postos que deben ser declarados a extinguir unha vez vacantes.

- Acordar o sistema de xestión para estimar as contías necesarias para o bo desenvolvemento dos principios contemplados no Plan de emprego durante 2013-2015 e que, como mínimo, contemplará as seguintes cinco liñas básicas de acción:

1) continuación das actuacións que veñen desenvolvendo no presente exercicio 2013 encamiñadas a permitir a promoción interna e a reclasificación do persoal con base nas necesidades organizativas detectadas e coas dotacións equivalentes aos presentes,

2) xeración de aforro estrutural nos gastos de persoal e redución posible da actual masa salarial (capítulo I) (% de vacantes-libres),

3) mantemento de dotacións similares ás contempladas no seu día para o exercicio 2012 e ás equivalentes para o presente exercicio de cara a permitir o sistema de funcionamento e compensación vinculada á avaliación positiva de obxectivos, rendemento, iniciativa, etc.

4) identificación, catalogación e xeración de posibles aforros estruturais vinculados ás partidas xerais de gasto en servizos externos e gasto corrente (capítulo II) (% retorno),

e 5) potenciación das previsións de formación orientada aos postos de traballo, á especialización, profesionalización e desenvolvemento dos recursos humanos do persoal, e vinculada ás necesidades detectadas e obxectivos que se acorden no Plan de formación

- Establecer un calendario inicial de actuacións, sen prexuízo de que, co nivel de acordo suficiente, se poidan adiantar ou demorar os diversos procesos en virtude da conveniencia da deputación e as necesidades de execución do Plan de emprego 2013-2015. O avance do calendario será acordado na propia mesa de negociación.

- E establecer, para que quede constancia inequívoca da visión e da vontade política construtiva, aberta e participativa coa que se pretende desenvolver o proceso e guiar o camiño que nos permita alcanzar conxuntamente un instrumento moderno e operativo para o reforzamento do municipalismo, a nosa función, os iniciais e principais elementos sobre os que reflexionar e que deberán ser contemplados no proceso e no propio documento de planificación estratéxica que chamaremos Plan de renovación da Deputación da Coruña:

- A misión (razón de ser da organización)
- A visión (posición que quere ocupar a organización no futuro)

- Os valores (elementos intanxibles, pero que deben impregnar a cultura organizativa e o modo de operar da institución)
- Os obxectivos estratéxicos (catro ou cinco grandes obxectivos selectivos e estratéxicos que a organización quere alcanzar para chegar á visión)
- As liñas de actuación (directrices xerais para traballar e alcanzar os obxectivos)
- Os plans ou programas (actuacións concretas, plans de actuación definidos)

Para desenvolver adecuadamente o traballo de planificación estratéxica e poder comezar a definir un modelo de nova deputación debemos coñecer o punto de partida. E para iso, ha de efectuarse unha diagnose institucional, para saber onde está actualmente a institución e para determinar onde se quere facer chegar, e unha análise de contexto.

E no noso marco global, o proceso de reflexión estratéxica débenos permitir sentar as bases da futura organización, para poder botar adiante os novos retos e propostas que irán xurdindo. Para permitir afrontar os futuros retos, é conveniente diagnosticar o estado actual da organización, coa súa estrutura e os trazos máis característicos que a definen. A organización é o medio que nos debe permitir poder xestionar e alcanzar a misión e os obxectivos que a Corporación se marcará. A dotación dunha maior calidade, dunha maior eficacia e eficiencia na prestación dos servizos públicos fará que a institución se teña que organizar de acordo cos ámbitos de referencia a prestar e con servizos internos de estrutura e apoio. A nova organización estará marcada pola necesidade de prestar os servizos dunha forma máis cualitativa e innovadora, de acordo cunha estratexia de especialización, baseándose no paradigma da creación de redes locais de xestión dos servizos municipais. A resituación de diversos servizos impropios e as novas necesidades emerxentes tamén irán conformando a nova organización e a súa estrutura. E, do mesmo xeito que o marco socioeconómico no que nos movemos vai evolucionando, tamén o debe facer a organización. As novas ferramentas que o marco legislativo vai desenvolvendo, xa sexa desde o punto de vista da estrutura básica da administración (Lei de racionalización e sustentabilidade) como desde o ámbito da función pública (Estatuto básico do empregado público), débennos permitir explorar novos escenarios organizativos.”

40.- APROBACIÓN DE REESTRUTURACIÓN ORGÁNICA.

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Acabámonos de abster no punto anterior, porque entendemos perfectamente que unha Administración pública ao longo do tempo ten que buscar métodos de reorganizarse, por cuestións de carga de traballo, diferentes cuestións que tramita, que xestiona, etc., etc, ata aí todo parece correcto, mais cremos que isto que nos propoñen neste punto ten dubidoso encaixe legal. Imos ver, se collemos o informe da Intervención, e os que sufrimos a xestión no concello en materia de persoal sabemos que a Lei de orzamentos xerais do Estado reducen bastante a nosa capacidade para facer certas cousas, vemos, tal e como di o informe da Intervención, que no ano 2013 as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderá experimentar ningún incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2012, ou por exemplo, que ao longo do 2013 non se poderá no sector público incorporar novo persoal, esta

limitación incluso alcanza as prazas incursas en procesos de consolidación, e tamén din os Orzamentos Xerais do Estado para o 2013, que durante o ano 2013 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal, ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais.

Finalmente, é preciso tomar en consideración que se teñen iniciado dúas cuestións que teñen que ver coa organización dos concellos e das administracións públicas, que está agora estudándose por parte do Estado a reforma da Lei de bases do réxime local, e que polo tanto o normal sería agardar cal é a reestruturación que propón o Estado para que nós fagamos as reestruturacións pertinentes. Pero á marxe de todo isto, a nós danos a impresión que no fondo vostedes teñen unha serie de persoas na Xunta de Galicia, con máis perfil político que técnico, que xa saben o seu nome e os seus apelidos, que poderíanos dicir cales son, e así ao mellor aforrábamos algún tipo de debate, e que queren traer para aquí, cousa que nós entendemos que vai en detrimento da promoción profesional dos técnicos desta casa, que teñen demostrado ao longo dos anos unha valía e unha profesionalidade exemplar á hora de xestionar recursos públicos.

Entendemos tamén que o que están propoñendo vostedes aquí, xa digo, con menoscabo dos técnicos que xa están na casa, que poderían promover a esas prazas que vostedes habilitan, o que vostedes están propoñendo aquí é, dalgunha maneira, tamén destruír emprego, porque aquí estanse habilitando postos de libre designación, é dicir, a dedo, e o que se está é destruindo outros postos laborais. Polo tanto, evidentemente, nós non imos votar a favor de nada que teña difícil encaixe legal, pero tampouco imos votar a favor de nada que leve aparelada a destrución de emprego, eu non sei se o fan isto vostedes por algunha indicación que dá o secretario do Estado de Administracións Públicas, Antonio Beteta, que di que a Deputación de Ourense é un exemplo de xestión, ao mellor é o que perseguen vostedes, converter a Deputación da Coruña na Deputación de Ourense, pero vale, evidentemente, nós cremos que esta proposta, xa digo, parécenos incluso que ten dificultades legais.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Se o que se pretende con esta reforma é traer persoas de confianza doutras administracións, para poñelas ao fronte do aparato administrativo da Deputación, pois a designación dos directores de área por libre designación, e aberto a todas as Administracións públicas, non cabe dúbida de que esta reforma cumprirá os seus obxectivos ao cen por cento, pero créanme, non atopamos ningunha outra explicación para esta reforma.

Non debe de ser esa a finalidade dunha reforma administrativa, senón lograr unha administración máis áxil, máis rápida, máis eficaz, ao servizo dos cidadáns, a administración e o procedemento administrativo é un medio para conseguir un fin, pero non é un fin en si mesmo. Estes obxectivos non se conseguen con esta reforma, créanse catro postos de directores de área, sen saber como se van configurar esas áreas e que competencias van ter, o único que está claro é que lle van custar á Deputación 18.422 euros máis. Non entendan isto como un consello, pero unha reforma, sexa do tipo que sexa, debe de ser global, conxunta, na que todo estea

harmonizado, aínda que logo se vaia aplicando de forma paulatina. Créanse áreas sobre as que a Deputación non ten competencias, a Deputación non ten, nin previsiblemente teña competencias no futuro, en materias de turismo e medio ambiente, non está previsto que as teñan no futuro, pois o borrador do proxecto de Lei de racionalización e sostibilidade da administración local non contempla que as Deputacións teñan ningunha destas competencias, e a Xunta resérvase estas competencias para si.

Estase ademais incumprindo o discurso que se está facendo reiteradamente, que é razoable e lóxico, o discurso de normalizar e simplificar a administración, evitando solapamentos e atribuíndo a cada administración as súas propias competencias para que non compitan entre eles, para evitar duplicidades e para evitar un gasto innecesario. É dicir, estamos facendo un discurso que lle agrada aos cidadáns, pero con esta reforma facemos xustamente o contrario do que dicimos.

Nos informes que acompañan a esta proposta dise, con bo criterio, na nosa opinión, que para desenvolver adecuadamente o traballo de planificación estratéxica e poder comezar a definir un modelo de nova Deputación, debemos coñecer o punto de partida, e continúa dicindo. As novas ferramentas que o marco legislativo vai desenvolvendo, xa sexa dende o punto de vista da estrutura básica da administración, Lei de racionalización e sostibilidade, como desde o ámbito da función pública, Estatuto básico do empregado público, débennos permitir explorar novos escenarios organizativos. Se aplicamos este razoamento, que é o que vén nos documentos que acompañan á proposta, razoamento que nós compartimos, só podemos cualificar a proposta como de pouco prudente, pois seguindo ese razoamento o prudente, o razoable, nun contexto de cambios legislativos como os que estamos vivindo, é esperar a que se produzan eses cambios legislativos a saber e coñecer o punto de partida, e despois, unha vez coñecidas as competencias que a Lei de sostibilidade e racionalidade vai atribuír ás deputacións, a partir de aí, se é necesario, cambiamos o modelo organizativo, pero non antes. Estes escenarios organizativos pódense contemplar con posterioridade, pero xustamente estase facendo con esta medida o contrario dos razoamentos que expoñen para xustificala no proxecto que se nos presenta.

Estase tramitando o proxecto de lei de emprego público de Galicia, e estase tramitando tamén o proxecto lei de racionalización e sostibilidade da administración local, que afectarán a esta Deputación, en canto a emprego público e en canto a competencias que debemos desenvolver. Non sería máis prudente esperar?, non hai ningunha urxencia para facer ningún cambio na Deputación, e menos sabendo que a estrutura actual que ten a Deputación permitiu posicionar a esta Deputación como a primeira de Galicia, a anos luz dos anteriores, e está considerada entre as cinco primeiras de España, coa estrutura actual, é urxente este cambio? Non sería razoable esperar e facelo despois con todas as da lei?, cando se realiza un cambio como este que afecta á estrutura da Deputación o lóxico, o razoable, o prudente e o aconsellable é facelo sobre o que será o futuro, e dentro duns meses ímolo saber. Non sería mellor esperar?, cal é a urxencia?

Claro, que se o que se pretende é traer a persoas de confianza doutros sitios para poñelos nestas direccións, o lóxico, o prudente, o razoable e o aconsellable adquire outra dimensión. Pasamos do servizo público, pasamos do interese xeral, ao particular, e o lóxico, o razoable, o prudente e o aconsellable deixan de ter interese.

Aínda que non sexa esta a intención, que non o sei, non deberían, por prudencia, facer isto nestes momentos. E desde o punto de vista social, e desde o punto de vista da difícil situación económica que o país está sufrindo, tampouco é oportuna esta reforma, esta reforma que supón incrementos salariais, politicamente non é presentable, e socialmente é impertinente nestes momentos. Non vale o argumento de que aforramos cartos, porque non é certo, e aínda que o fose, que non é certo, non xustificaría esta medida. Din vostedes que con esta reforma se producen economías por importe de 34.593 euros, e un custo de 18.422, o que implica unha economía total de 16.171 euros. Esta é unha manipulación da realidade. Con esta reforma prodúcense incrementos salariais para tres directores de área por importe de 18.422 euros, sen saber que é o que van facer, que funcións e competencias van ter, que é o que colga deses directores de área, non sabemos, pero podemos supoñer que substancialmente van facer o mesmo que fan actualmente os xefes de servizo. E este incremento, os 18.422 euros, compénsana coa amortización de dúas prazas de subalternos, o que supón unha economía, segundo vostedes, de 34.593 euros, pero non supón ningunha economía, non é certa esa afirmación, porque son prazas que están dotadas orzamentariamente, pero non están cubertas, están vacantes, e seguirán estando vacantes ao final do ano 2013, co cal ese diñeiro non se gasta, e vai directamente a economías, vai directamente a remanentes, non se produce ningunha economía. Aínda que supoñamos, como exercicio teórico, non verificable, desde logo, un exercicio puramente teórico, que si, que si se producen economías, ben, pois tampouco nese caso estarían xustificadas os novos incrementos salariais, porque se se amortizan prazas é porque non son necesarias, e se non son necesarias, aforramos ese gasto, o que non se pode facer é dicir “vale, como aforro isto porque amortizo unhas prazas que non son necesarias, vouno repartir entre os demais”, iso non é serio. Sei que isto vano aprobar, vano aprobar porque queren aprobalo e porque teñen os votos necesarios para iso.

E esta situación recórdame a famosa frase de Unamuno, venceredes porque tedes a forza, pero non convencedes porque non tedes a razón. Non hai ningunha razón hoxe que aconselle este cambio, o prudente é esperar a que se culminen as reformas legislativas que se están tramitando, e unha vez coñecido o punto de partida explorar, como din vostedes no seu documento, novas fórmulas de organización. Hoxe é imprudente, é inoportuno e é impertinente. Como consecuencia disto, está claro que o voto do Grupo Socialista vai ser negativo a este punto.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, a verdade é que sería un pouco difícil debater este punto, se previamente non explicamos un pouco o punto anterior, que acabamos de votar por unanimidade, como votaron por unanimidade, perdón, sen ningún voto en contra, pero si o acordo coa unanimidade do que foron todos os sindicatos no que foi a aprobación da planificación estratéxica do 2013, e que despois me referirei ao acordo de planificación estratéxica, que acordos inclúe, entre eles este.

O que lle quero dicir é que se a Deputación da Coruña está tan ben posicionada é porque sempre se soubo adaptar, e antes que as demais deputacións, aos cambios, e cando un permanece durante moito tempo anquilosado, e sen facer cambios, posiblemente se bota un pouco ollo aos seus procedementos, a súa forma de traballar, ás novas necesidades, ao novo servizo que debemos dar aos concellos

nesta época, posiblemente vexamos aí, xa mesmo, a necesidade dun cambio. O que non cambia durante moito tempo, seguramente está facendo algo mal, e por tanto un debe formularse sempre a adaptación, a modernización, a renovación das estruturas, para poder servir a quen debe servir especificamente que é, neste caso, desde a Deputación, aos concellos, e iso o que se fai, e ademais con traballo serio e exhaustivo, e que leva moito tempo, e que non é un traballo ambiguo, que é un traballo realmente concreto, no que puideron participar e achegar o que son o sentido desta propia Deputación, e quen o fai posible. Pois ben, dicía que hai meses que se vén traballando, e xa ve que nalgún caso xa dou importantes beneficios a esta Deputación, refírome a que este traballo, que se iniciou a finais do ano 2011, rematou coa área de Organización e Sistemas, e que se procedeu á súa reestruturación, o que fixo que non só veña funcionando mellor, senón que tamén se fixera un importante aforro económico, do 30%, sen ter que intervir tanta asistencia técnica como anteriormente o facía, e polo tanto, desde a casa estamos cumprindo e facendo un mellor traballo cun mellor custo. Pois ben, esa é a mesma filosofía que se pretende agora, e nada máis lonxe da realidade o feito de que o cambio legislativo poida vir a xustificar que retrasemos agora este acordo, máis ben o que está xustificando é que adaptemos o noso marco normativo e xurídico a eses cambios que, sen dúbida, vanse producir, e facendo precisamente un marco xurídico máis áxil e aberto, que estea preparado para ser os primeiros, Sr. Moreda, que esteamos adaptados para ese cambio legislativo que sen dúbida vaise dar, e imos estar preparados con este novo marco xurídico para ser os primeiros que empezemos a traballar con velocidade de cruceiro, a diferenza doutras moitas administracións que van ter que adaptarse, cando esta administración está adaptada.

E póñolle un exemplo. Durante moitísimos anos nesta Deputación hai un departamento de asistencia aos municipios, pero é que non son todos os departamentos desta casa os que asisten aos municipios?, é dicir, non se pode seguir facendo cousas por inercia, eu coido que hai que seguir adaptándose e os tempos esíxennos esa adaptación para mellor servizo dos nosos administrados directos e daqueles que tamén son os grandes beneficiarios, que son os concellos.

Pero eu lémbrolle, ese acordo unánime de planificación estratéxica 2013, que se trouxo a ratificar a este Pleno, inclúe un acordo para a elaboración dun Plan de obxectivos, inclúe o acordo para iniciar o proceso de reestruturación e inclúe un acordo para a aprobación do Plan de emprego 2013-2015. Co cal, o que estamos agora é, nin máis nin menos, dando ese segundo paso, que é ese proceso de reestruturación acordado unanimemente que se dera ese inicio.

Pois ben, o que lle dicía, e así o imos seguir facendo, é que nós imos intentar como ata agora conseguimos todos os apoios e todos os acordos que se fixeron, coa unanimidade e co acordo dos traballadores, dialogando ata onde teñamos que dialogar, pero no tempo que aquí se leva esa foi a norma de traballo, e practicamente podo dicir que se está conseguindo na máis grande parte dos casos. E si hai aforro económico, hai ese aforro de 16.000 euros que ven, como vostede dicía, dunhas baixas de 34.000 euros por unhas altas de 18.000, a resta, incluso para os de letras, dá ese aforro dos 16.000 euros.

En canto ás áreas organizativas, ben, eu aí o que lle teño que dicir é que o que supón é unha redución do custo total do cadro de persoal, e tamén unha redución do número de efectivos, e o que lle teño que dicir é que ata agora, destas sete áreas,

catro xa están dirixidas por funcionarios da Deputación, e as tres novas estarán dirixidas por funcionarios do grupo A-1 e obviamente a forma de elección é a mesma tradicional e que se fixo desta Deputación, que é a que por este sistema se vai facer, que é a libre designación, como tradicionalmente se vén facendo. Pero non é as características deste persoal estritamente o persoal de confianza, o persoal de confianza sabe vostede que é un persoal eventual, que ten outras fórmulas, que ten que vir a este Pleno, aquí son funcionarios, desta ou doutra administración, que cumpran os requisitos que se consideren necesarios para poder sacar adiante os obxectivos estratéxicos que quen dirixe a Deputación considere que cumpre con eses requisitos. Polo tanto, non hai aquí ningún proceso de intentar colocar, recolocar, sacar, non sacar, senón de buscar a mellor produtividade desta administración, a mellor operatividade, facendo unha reestruturación máis moderna, máis áxil, e cremos que vai dar os froitos apetecidos, e polo tanto, sempre creo que se poñen pedras aos adiantos, aos atrancos, ás rodas, para intentar mellorar o que é un funcionamento do que é unha administración que necesita, como nós entendemos, ser mellorada. Nestes casos as novas áreas organizativas serán a Secretaría xeral, a Intervención xeral e a xestión económico-financeira, a tesourería e xestión de tributos, a acción territorial, o desenvolvemento económico, turismo e ambiente, -se lle parece deixamos de traballar nestes dous aspectos, polo que lle entendín ao Sr. Moreda, porque unha das grandes áreas de traballo desta Deputación, e incluso con vostede moitas sacáronse adiante, incluso plans estratéxicos de turismo, etc., sorpréndeme que agora dixera o que vostede dixo-, esta área, como dicía, de desenvolvemento económico, turismo e ambiente, servizos provinciais, persoal e organización. E como lle dicía catro destas áreas xa están cubertas, están cubertas por persoal desta casa e, polo tanto, nós estamos facendo o que pensamos que vai ser o futuro doutras moitas deputacións, o camiño a seguir por outras moitas administracións, e o que agora imos aprobar non é nin máis nin menos consecuencia do que aprobamos no punto anterior, que é o acordo de planificación estratéxica 2013-2015, e que está pensado no futuro da Deputación do próximo decenio. Máis nada, Sr. presidente, moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Por resumir, porque tampouco hai que falar moito máis, xa tanto o Sr. Moreda como o Sr. Rivas acaban de facer unha exposición longa. En resumo, vostedes van traer tres persoas por libre designación, é dicir, elixidas por vostedes, vostedes saberán quen son, a dirixir unha serie de departamentos que nós entendemos que poden estar dirixidos perfectamente, porque hai técnicos e técnicas cualificadas nesta casa para facer ese traballo. Que van amortizar postos de traballo, é dicir, van reducir emprego na Deputación, é o que a min non me queda claro, porque eu tamén recibo asesoramento legal no meu concello por parte dos técnicos, pódese facer legalmente isto, a pesar das restricións dos orzamentos xerais do Estado?, eu teño entendido que non.

Sr. Fernández Moreda

Iso é moi curioso, é dicir, nós adiantámonos aos acontecementos, modificamos a organización, a estrutura organizativa da Deputación porque vai haber

cambios legislativos, non sabemos en qué van consistir os cambios legislativos, pero anticipámonos reformando a organización, vale, é unha forma curiosa de velo, que eu non comparto, pero admito que se poida ver así.

Hai inexactitudes que dixo o Sr. portavoz do Grupo Popular, non foi aprobado isto polos sindicatos, os sindicatos abstivéronse, así consta nas actas ás que tivemos acceso. Segundo, non é certo que o sistema de provisión de prazas que se facía na Deputación fose por libre designación, como dixo vostede, e voulle ler a proposta de acordo: Creación de área de acción territorial. Grupo A, subgrupo A1, nivel 29, especial dedicación, Provisión, libre designación”, e esta praza substitúe a un xefe de servizo, provisión, por concurso. Área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente, provisión, libre designación, a praza que substitúe de xefe de servizo, provisión, por concurso, non é certo, pero vale, é legal, é unha opción que vostedes teñen, e non se pode poñer en dúbida desde o punto de vista da legalidade, pero ben, estase cambiando, estase cambiando.

E o aforro, Sr. Ruiz, vostede pódeo ver dunha forma ou doutra, isto vaille custar á Deputación 18.000 euros, porque se hai unha técnica presupostaria, que é presupostar un cadro de persoal, unha RPT maior da que hai por se ao longo do exercicio necesitas fondos, podes ter xa fondos aí. Entón aquí hai un cadro de persoal presupostado que non está cuberto, entón eses gastos non se fan nunca, porque a praza de subalternos non se ía cubrir, está provisionado, está vacante, non se cubre, ao final do ano ese gasto non se fai e pasa ao seguinte presuposto como un remanente de libre disposición. Polo tanto, que pasa?, non vale esa fórmula de restar, porque o que está claro é que isto custa 18.000 euros, punto, e non pasa nada.

Entendo que o van aprobar, porque teñen a maioría para aprobalo e o queren aprobar. Tamén entendo que o prudente é esperar a que se fagan os cambios legislativos, non se sabe se a Deputación vai asumir competencias de concellos de menos de 5.000 habitantes ou non, non se sabe, agardemos a que se aprobe, vai tardar un ano, ou oito meses, e unha vez que se aprobe facemos os cambios que sexan necesarios.

E quérolle dicir, que o pasou de pasada, esta Deputación, coa estrutura funcional que ten que, por certo, ten moi bos funcionarios, é a primeira de Galicia e está entre as cinco primeiras de España, non é necesario cambiar nada, e con esta estrutura funcional pagábanse aos provedores en vinte e un días, creo que é a única administración de Galicia que paga aos provedores en vinte e un días, e fixéronse moitas cousas, esperen, oito meses, seis meses, un ano, a que se aproben as leis novas e saibamos como queda a Deputación, e en función diso, fagamos as reformas que sexan necesarias, e contarán co apoio do Grupo Socialista, pero esperemos a ver como quedamos, e cando saibamos o punto de partida, poderemos tomar decisións, hoxe non o sabemos.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. presidente. En primeiro lugar, dicir que eu o que dixen que ao punto anterior, á planificación estratéxica, votaron a favor todos os sindicatos, á planificación estratéxica, que inclúe, e dixen os acordos que inclúen, un acordo para elaborar un plan de obxectivos, un acordo para un proceso de reestruturación e un acordo para a aprobación dun Plan de emprego 2013. A cuestión concreta que agora

estamos tratando, aprobouna un sindicato e o resto abstívose. Entón, se lle chega así, ou lle queda máis claro, e non o entendeu de primeira, dígollo claramente de segunda.

En canto á técnica presupostaria que vostede di, home, vostede chámalle técnica, pódolle chamar eu tamén técnica disuasoria ao que está dicindo. Eu o que lle digo agora é que a Deputación con esta estrutura, se fora a día de hoxe os orzamentos deste ano 2013, podía aprobar con 18.000 euros menos, e vostede dirá o que queira, que se incorpora cando sexa, cando deixa de ser, con 18.000 euros menos do que este ano gastamos aprobabamos a reestruturación, se xa entrara en vigor o 1 de xaneiro. Polo tanto, non sei quen fai técnicas ou deixa de facer técnicas.

Eu sempre escoito aquí, cando un presume igual de que é o quinto de non sei que, de non sei canto, normalmente está intentando ser o terceiro, o segundo, vostede está intentando non perder posicións, nós estamos intentando seguir e mellorar, e facémolo, ademais, adaptando o noso marco normativo a calquera cambio legislativo que se produza, excepto que digan que as deputacións non temos razón de ser, pero precisamente estámoslle dando máis contido e máis razón de ser ás deputacións con esta estrutura e con poñer toda esta estrutura, estas sete áreas ao servizo tamén dos concellos do que ata agora entendemos se viña facendo. Polo tanto, eu comprendo que o inmovilismo é unha cousa que ás veces síntese cómodo un cando se está na oposición, ao pedir o que realmente non se pode facer, pero cando un chega ao goberno, e chega desde o ano 2011 traballando e reestruturando, e facendo cambios como foi na área de informática, que producen un mellor servizo e unha redución ademais de custos, seguimos crendo que o que estamos facendo vai redundar en servizo e en mellor servizo, e nun servizo máis económico, tamén, a todos os que reciben por parte desta Administración o noso traballo. Así que, Sr. Presidente, eu non teño moito máis que dicir, salvo que imos seguir traballando por mellorar e, por certo, toda a área que permite que se pague en vinte e un días segue estando onde estaba, e seguirá estando, ou sexa, que o seguinte reto será que poida ser en vinte días. Moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Presidente

Pasamos á votación, pero antes de pasar, a min si me gustaría aclararlle ao portavoz do Bloque Nacionalista Galego, que non ten dúbidas o encaixe legal desta proposta, se vostede as ten, creo que é un problema seu, e vostede saberá o que ten que facer, pero a lei establece claramente que non pode haber incremento na masa salarial, nin en efectivos, e ningunha das dúas cousas se produce, probablemente sexa motivado por non ter a posibilidade de facer algo parecido no seu concello, vostede saberá, pero en todo caso non ten encaixe legal, que o saiba, que o saiba e estea tranquilo por iso, estea tranquilo.

En segundo lugar, Sr. Moreda, que fráxil é a memoria cando un quere, que fráxil é a memoria, dicía vostede que había algunhas áreas que aquí se potenciaba, calquera o diría, en turismo foi vostede presidente durante os últimos oito anos e fixo bastantes cousas en turismo, e era vostede presidente, calquera o diría, pero foi vostede presidente desta institución doce anos, e en doce anos vostede non cambiou absolutamente nada, que é o que lle molesta? Que esta Corporación o cambie, pois claro que o imos cambiar, os cambios que levamos a cabo ata o de agora, nestes

dous primeiros anos, van dando os seus froitos, e dende logo é a nosa responsabilidade traer a este Pleno e propoñer cousas, cando pase o tempo veremos se efectivamente o conseguimos ou non, pero polo de agora conseguímolos. Eu se vostede en doce anos non foi capaz de facer cambios, que quere que lle diga?, e mire vostede, en doce anos que vostede foi presidente houbo xefaturas de servizo que se cubriron por libre designación, agora que veña aquí a dicir o que di, que quere que lle diga?, a memoria, por non dicir outra cousa, cando menos é bastante fráxil, mire vostede o que fixo vostede, non o que fixo o seu partido, o que fixo vostede, e polo tanto, non dubide, témolo que dubidar cando vostede o facía? Cree vostede, ou ten algo en contra dalgún funcionario? Se ten algo en contra dalgún funcionario, pode dicilo, pero eu non dubido de ningún, por iso eses postos son para funcionarios, que teñen que cumprir unha serie de requisitos, igual que cumprían os que se cubrían cando vostede o facía por libre designación, vostede, non outra persoa do Partido Socialista, vostede como presidente en doce anos, así que confío que estes cambios seguramente logren acadar, co paso do tempo, o seu recoñecemento. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da comisión:

“ Reestruturación orgánica:

1.- Reestruturar organicamente a Deputación Provincial da Coruña a través da creación das áreas organizativas que a continuación se indican e mediante as modificacións do persoal, relación de postos de traballo e organigrama, segundo se especifica a continuación, así como as amortizacións específicas de postos e prazas que tamén se expresan con incidencia no custo total:

Áreas organizativas:

- **ÁREA DE ACCIÓN TERRITORIAL.** Supón a creación dun posto de Dirección de Área de Acción Territorial, Grupo A, Subgrupo A1, nivel 29, especial dedicación, AX/AE, provisión por libre designación, Adm. A3; por transformación dun posto de Xefatura de Servizo de Enxeñería e Mantemento, Grupo A, Subgrupo A1, nivel 28, especial dedicación, AX/AE, provisión por concurso. Praza asociada inicialmente no cadro de persoal: enxeñeiro industrial.
- **ÁREA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE.** Supón a creación dun posto de Dirección de Área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente, Grupo A, Subgrupo A1, nivel 29, especial dedicación, AX/AE, provisión por libre designación, Adm. A3; por transformación dun posto de Xefatura de Servizo de Fomento e Servizos Provinciais, Grupo A, Subgrupo A1, nivel 28, especial dedicación, AX/AE, provisión por concurso. Praza asociada inicialmente no cadro de persoal: técnico de administración xeral.

- **ÁREA DE SERVICIOS PROVINCIAIS.** Supón a creación dun posto de Dirección de Área de Servizos Provinciais, Grupo A, Subgrupo A1, nivel 29, especial dedicación, AX/AE, provisión por libre designación, Adm. A3, praza inicialmente asociada: técnico de administración xeral; por transformación dun posto e praza asociada de xornalista, Grupo A, Subgrupo A1, nivel 24, especial dedicación e dispoñibilidade festivos, AE, provisión por concurso.
- **ÁREA DE PERSOAL E ORGANIZACIÓN.** Supón a creación dun posto de Dirección de Área de Persoal e Organización, Grupo A, Subgrupo A1, nivel 29, especial dedicación, AX/AE, provisión por libre designación, Adm. A3; por transformación dun posto de Dirección de Área de Organización e Sistemas, Grupo A, Subgrupo A1, nivel 29, especial dedicación, AX/AE, provisión por libre designación. Prazas asociadas inicialmente no cadro de persoal: técnico de organización.

Amortizacións específicas. Cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal funcionario:

- 2 postos e prazas de subalterno/a, adscritos a Servizos Internos, AP/E, nivel 13.

2.- Desenvolver a reestruturación de cada nova Área, con base na orientación e bases establecidas para a elaboración e desenvolvemento do Plan de emprego 2013-2015 acordado coa representación sindical en novembro de 2012 e cuxos traballos se están desenvolvendo, para conseguir unha maior eficacia e eficiencia na organización dos recursos humanos dispoñibles na actualidade, seguindo a filosofía renovadora do Estatuto básico do empregado público, e tamén, tras os oportunos traballos de análises e diagnóstico, para permitir ampliar a eficacia na consecución dos obxectivos que se definan na entidade, evitar as duplicidades que puidesen existir, reducir burocracia, simplificar trámites administrativos, mellorar a xestión dos servizos e dos medios comúns, e así obter unha maior eficiencia na prestación dos servizos esenciais para os concellos e cidadáns da provincia. O devandito Plan de emprego non se centrará unicamente nos temas de estrutura e organización, nin só nas medidas de aforro e de carácter económico, nas que obviamente haberá que seguir profundando, senón que, cos medios dispoñibles, exorpanse tamén medidas de fondo que incidan na modernización da deputación e da súa función pública, coa definición e avaliación de obxectivos, globais e específicos, coa avaliación de maneira continua do desempeño das funcións dos empregados públicos da deputación, coa optimización da planificación e xestión dos seus recursos humanos e permitindo a necesaria flexibilidade para a súa adaptación á contorna global, e mesmo a unha posible recuperación económica no ámbito temporal previsto.

3.- Aprobar, en consecuencia, as seguintes modificacións do Persoal e da Relación de Postos de Traballo:

PERSOAL 2013

PERSOAL FUNCIONARIO

DENOMINACIÓN-SUBGRUPO-PRAZAS

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL – SUBESCALAS

Técnica A1: 21

Subalterna E (Lei 30/1984): 19

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL – SUBESCALA TÉCNICA – CLASE
TÉCNICOS SUPERIORES
Amortización: Xornalista: 1.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO – PERSOAL FUNCIONARIO – 2013

POSTO DE TRABAJO	N I V E L	G R U P O	DOTACIÓN	TP	FORMA PROVISIÓN	A D M	ESCALA	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIONES	C.ESPECÍFICO 2013
ÁREA DE ACCIÓN TERRITORIAL											
DIRECCIÓN DE ÁREA DE ACCIÓN TERRITORIAL	29	A1	1	S.	LD	A3	AX/AE	10		ESPECIAL DEDICACIÓN	31.926,85
ÁREA DE DESENVOLVIMIENTO ECONÓMICO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE											
DIRECCIÓN DE ÁREA DE DESENVOLVIMIENTO ECONÓMICO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE	29	A1	1	S.	LD	A3	AX/AE	10		ESPECIAL DEDICACIÓN	31.926,85
ÁREA DE SERVICIOS PROVINCIAIS											
DIRECCIÓN DE ÁREA DE SERVICIOS PROVINCIAIS	29	A1	1	S.	LD	A3	AX/AE	10		ESPECIAL DEDICACIÓN	31.926,85
ÁREA DE PERSOAL E ORGANIZACIÓN											
DIRECCIÓN DE ÁREA DE PERSOAL E ORGANIZACIÓN	29	A1	1	S.	LD	A3	AX/AE	10		ESPECIAL DEDICACIÓN	31.926,85
SERVICIOS INTERNOS											
SUBALTERNO	13	E(L3 0/84)	15	N	C		AX	5			5.496,20

4.- Aprobar, igualmente, a seguinte modificación da organigrama:



41.-APROBACIÓN DAS NORMAS PARA A TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DE APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS DE PAGO DE DÉBEDAS XESTIONADAS POLO SERVIZO DE RECADACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1º.- Aprobar as normas para a tramitación e resolución de aprazamentos e fraccionamentos de pago de débedas xestionadas polo Servizo de Recadación.

2º.- Expor este acordo ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de trinta (30) días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3º.- Estas normas empezarán a rexer:

a). Se non se producen reclamacións, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a redacción integra das Normas para a tramitación e resolución de aprazamentos e fraccionamentos de pago de débedas xestionadas polo Servizo de Recadación publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación.

b). Se se producen reclamacións, unha vez se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva das Normas así como a data a partir da cal rexerán, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o previsto no art. 17.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

42.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN COLABORACIÓN E ESFORZO, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE PREVENCIÓN SOCIAL DE NENOS/AS E MOCIDADE DE GRUPOS EN SITUACIÓN DE RISCO, EN TEGUCIGALPA-HONDURAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar o seguinte convenio:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN COLABORACIÓN Y ESFUERZO, PARA O FINANCIAMENTO DO “PROXECTO DE PREVENCIÓN SOCIAL DE NENOS/AS E MOZOS DE GRUPOS EN SITUACIÓN DE RISCO, EN TEGUCIGALPA – HONDURAS”

A Coruña, de de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Luis María Vázquez Arcay, con DNI 3532.399.430-C, que intervén neste acto en nome e representación da “Asociación Colaboración y Esfuerzo - ACOES”, CIF G-15730542, con enderezo na Rúa Francisco Mariño, 21 – 1º esquerda, da Coruña, na súa calidade de presidente e conforme as competencias que ten atribuídas.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A *Asociación Colaboración y Esfuerzo - ACOES* (a beneficiaria, en adiante), CIF G-15730542, é unha organización non gobernamental para o desenvolvemento, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2004/007607-1 (SC) e no Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais de Axuda ao Desenvolvemento, co número 104.

O proxecto que promove a beneficiaria, pretende mellorar as condicións de vida dos habitantes da Colonia Villa Cristina – Tegucigalpa (Honduras), marcada pola extrema pobreza e a inseguridade que provoca o alto nivel de delincuencia a través de pandillas xuvenís e bandas organizadas denominadas “maras”, mediante unhas estratexias de intervención que incidan no desenvolvemento individual e interpersonal dos máis novos, no reforzo do seu desenvolvemento educativo e a formación profesional, proporcionando coñecementos aos seus responsables (pais, nais ou titores) que contribúan a mellorar as súas condicións de vida.

A súa execución afecta a un dos países cun nivel de desenvolvemento humano máis baixo do planeta (IDH/2011: 121, sobre 187), cualificado como xeograficamente prioritario polo “Plan director da cooperación galega 2010 – 2013”. Ademais, ao incidir no acceso á educación de grupos en situación de risco, contribúe á consecución do 2º dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (universalización da ensinanza primaria) e á inclusión social e loita contra a pobreza, razón pola que é configurado tamén como prioridade horizontal e transversal, tanto para a cooperación galega como para a estatal.

A Deputación da Coruña, que xa colaborou neste proxecto en anos anteriores, colabora novamente no presente ano 2013, no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, prevista na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Polas razóns anteriores, mediante acordo do Pleno corporativo do .../...../2013, a Deputación da Coruña aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da “Asociación Colaboración y Esfuerzo – ACOES”, por importe de 19.235,52 euros, para o cofinanciamento do “Proxecto de prevención social de nenos/as e mozos/as de grupos en situación de risco en Tegucigalpa - Honduras”.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O "Proxecto de prevención social de nenos/as e mozos/as de grupos en situación de risco en Tegucigalpa - Honduras", ten como obxectivo xeral mellorar as condicións de vida dos nenos/as e mocidade da Colonia Villa Cristina (Tegucigalpa) e como obxectivo específico que os nenos/as e mocidade acaden a integración social, familiar e no sistema educativo do país.

Tal e como se detalla no documento de formulación do proxecto que se acompaña, as actuacións desenvolveranse durante o ano 2013 nos seguintes frontes:

- 1) Fomentando o desenvolvemento individual e interpersoal dos beneficiarios, mediante a atención médica, psicolóxica e nutricional, excursións, ludoteca, charlas semanais sobre valores, economía de fichas e festival da canción mímica;
- 2) Reforzando o desenvolvemento educativo e a formación profesional de cada beneficiario, facilitar as matrículas nos centros educativos do país, subministración de material escolar necesario, reforzo escolar, taller de serigrafía, taller de computación e visitas escolares; e
- 3) Proporcionando aos responsables dos beneficiarios os coñecementos que contribúan a mellorar as súas condicións de vida.

Da execución do proxecto beneficiaranse directamente 121 persoas, aproximadamente, dos que 70 son nenos/as e mocidade de idades comprendidas entre os 7 e os 18 anos, e 51 son os responsables dos anteriores (pais, nais ou titores). Asemade, beneficiaranse directamente un grupo de outros 300 mozos e mozas da zona de influencia do proxecto, que teñen acceso a algunhas das actividades que se realizan no Centro Santa Mónica. Indirectamente beneficiaríse toda a poboación da Colonia Villa Cristina, unhas 7.000 persoas, que poderán gozar dun ambiente menos conflitivo na zona.

A intervención da beneficiaria farase a través da súa contraparte hondureña do mesmo nome "Asociación Colaboración y Esfuerzo –ACOES Honduras", organización con experiencia acreditada na execución de proxectos desta natureza en Honduras, que para estes efectos creou no ano 2004 un centro educativo e asistencial, Centro Santa Mónica, na Colonia de Villa Cristina - Tegucigalpa.

II. ORZAMENTO

O orzamento de execución, segundo se indica no documento de formulación do proxecto, ascende a 38.471,03 €, cuxo detalle é o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Funcionamento (luz, auga, gas, comunicacións)	1.590,00
Mantemento (pintura, pequenas reparacións, limpeza)	1.750,00
Nutrición	7.400,00
Uniformes escolares	1.750,00
Material para talleres (serigrafía, computación, etc.)	1.314,45
Material didáctico para uso no centro	624,91
Útiles escolares (mochilas equipadas, etc.)	2.041,67
Actividades lúdicas (saídas e excursións)	2.000,00
Coordinador/a	4.000,00
Administrador	3.500,00
Educadores/as	5.500,00
Vixiantes	2.000,00
Cociñeiros/as	5.000,00
TOTAL	38.471,03

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 19.235,52 euros, o que equivale a un 50,00 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 50,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

- 1.1. Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Esta memoria acompañarase dunha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.
 - 1.2. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
 - 1.3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
 - 1.4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
 - 1.5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - 1.6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
 - 1.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
2. Porén, a entidade beneficiaria poderá solicitar o aboamento dun primeiro prazo, con carácter de anticipo prepagable, por importe equivalente ao 50 % da achega concedida, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Bases 48ª e 56ª das de execución do presuposto provincial para o 2013, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:
- 2.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se teña presentada a xustificación correspondente.
 - 2.2. Xunto coa solicitude do pagamento anticipado, a entidade beneficiaria deberá acreditar o seguinte:
 - 2.2.1. A apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender o proxecto de prevención social de nenos/as e mozos de grupos en situación de risco en Tegucigalpa (Honduras)”, con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.
 - 2.2.2. O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
 - 2.2.3. Compromiso de colaboración da contraparte local, en virtude do cal esta comprométese coa beneficiaria a colaborar na execución do proxecto, nos termos do presente convenio.
3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea

determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial desenvolveranse entre o 1.01.2013 e o 31.12.2013, tal e como se recolle na cláusula primeira.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES, contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da

Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.01.2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.06.2014.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.04.2014, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2014. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do de de 2013.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña En representación da Asociación
Colaboración y Esfuerzo - ACOES

D. Diego Calvo Pouso

D. Luis María Vázquez Arcay

2º. Facultar a Presidencia da Corporación para a formalización e execución do convenio.”

43.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONG ECODESENVOLVEMENTO GAIA, PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DURANTE O 2013, DA ESCOLA CORUÑA DE YOFF-TONGHOR, NO SENEGAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar o seguinte convenio:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONGD ECODESARROLLO GAIA, PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DURANTE O 2013, DA ESCOLA CORUÑA DE YOFF – TONGHOR, NO SENEGAL

A Coruña, de de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Guillermo Fernández-Obanza García, DNI núm. 36.481.315-E, que intervén neste acto en nome e representación da Ongd “Ecodesarrollo Gaia”, CIF G-15507171, con domicilio social na Rúa Antonio Pereira, 3 - baixo (A Coruña), na súa calidade de presidente e conforme competencias que lle atribúen os seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

“Ecodesarrollo Gaia” (a beneficiaria, en adiante) é unha organización non gobernamental de cooperación ao desenvolvemento, constituída ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, inscrita no Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais cos núms. 135.597 e 3.788, dende 1994, que ten como finalidade, entre outras, a de levar a cabo proxectos educativos e formativos no eido do medio e do codesenvolvemento, así como programas de codesenvolvemento con inmigrantes e emigrantes retornados.

De acordo con isto, a beneficiaria creou na localidade de Yoff - Tonghor, en Senegal, un centro educativo denominado “Escola Coruña”, no que desenvolve unha parte importante das súas actividades, que consisten na realización de actividades formativas e de capacitación dirixidas a nenas desescolarizadas e a mulleres en xeral, no ámbito da seguridade alimentaria, saúde reprodutiva, novas tecnoloxías,

alfabetización, e actividades deportivas para mozos e mozas, todos eles habitantes da localidade de Yoff – Tonghor, no Senegal.

Ao respecto do proxecto en cuestión, hai que ter en conta que por afectar ao ámbito da educación para o desenvolvemento, está entre os que o “Plan Director da Cooperación Galega 2010 – 2013”, considera como sectorialmente prioritarios da axuda oficial ao desenvolvemento. Asemade, o citado documento de planificación considera como prioridades transversais as intervencións que incidan no eido da loita contra a pobreza e na promoción da igualdade entre homes e mulleres, na medida que contribúen á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, prevista na Lei 23/2008, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei galega 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento, razón pola que na sesión ordinaria do Pleno Corporativo de/...../2013, aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da Ongd “Ecodesarrollo Gaia”, CIF G15507171, por importe de 12.000 euros para o financiamento dos gastos de mantemento durante o ano 2013 do proxecto “Escola Coruña, de Yoff – Tonghor”, en Senegal.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto de mantemento durante o ano 2013 da “Escola Coruña”, de Yoff – Tonghor, no Senegal, consiste, no financiamento dos gastos de funcionamento dos servizos que o citado centro educativo ten previsto prestar durante o ano 2013, en canto ás actividades formativas dirixidas a nenos e nenas desescolarizadas e a mulleres en xeral, no ámbito da seguridade alimentaria, saúde reprodutiva, novas tecnoloxías, alfabetización, e actividades deportivas para mozos e mozas, todos eles habitantes da localidade de Yoff – Tonghor, en Senegal, no que se inclúen os gastos de viaxes relativos ao proxecto “Coruña Cura”, consistente no desprazamento do persoal sanitario que anualmente visita as citadas instalacións para realizar unha campaña sanitaria.

A intervención da beneficiaria faise de forma directa, en colaboración coa comunidade local de Yoff -Tonghor, en Senegal, e está financiada con fondos propios e doutros axentes financiadores.

II. ORZAMENTO

O orzamento de execución, segundo se indica no proxecto, ascende a 25.565,60 € e se detalla do seguinte xeito:

CONCEPTO DE GASTO	IMPORTE
Persoal (directora, profesoras, asistentes, vixiantes, etc.)	18.915,60
Material didáctico	600,00
Mantemento xeral (auga, luz, teléfono e internet)	550,00
Pequenas reparacións	500,00
Alimentación	600,00
Medicamentos	600,00
Viaxe de seguimento do proxecto	600,00

Viaxes “Coruña Cura” (desprazamento dende España i/v)	3.200,00
TOTAL	25.565,60

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación da Coruña colaborará no financiamento do proxecto cunha achega máxima de DOCE MIL EUROS (12.000,00 €) para o mantemento da “Escola Coruña” durante o ano 2013, o que representa un coeficiente de financiamento do 46,94 %. O resto dos gastos serán asumidos con fondos propios e doutros axentes financiadores.
2. No caso de que os gastos xustificadas non acaden o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe de financiamento indicado no apartado anterior (46,94 %) da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que pola concorrencia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria ou ás contrapartes locais. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe das prestacións supera os 12.000 euros, en caso de equipamento, ou os 30.000, se se trata de obras, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. O aboamento da subvención provincial materializarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola beneficiaria, logo da presentación da correspondente conta xustificativa de gastos, integrada pola documentación que se indica a continuación, e na porcentaxe de financiamento establecido (46,94 %), sen que en ningún caso o pagamento total poda exceder do importe máximo da axuda concedida (12.000,00 €):

1.1. Memoria da actuación, subscrita polo representante da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados acadados.

1.2. Reportaxe fotográfica das actividades e das adquisicións realizadas.

1.3. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, as datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

1.4. Con esta relación acompañaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.5. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da beneficiaria.

1.6. Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto.

1.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, de xeito que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Porén, poderá realizarse un primeiro pagamento, por importe equivalente ao 50 % da achega concedidas, co carácter de anticipo prepagable, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Base 48ª das de execución do presuposto provincial para 2013, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

2.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo previsto, non se presentase a xustificación correspondente.

2.2. A entidade beneficiaria deberá solicitar o pagamento anticipado, acompañando a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula VIII, e a apertura dunha conta bancaria co título "Fondos para atender o proxecto da Escola Coruña no Senegal", con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

3. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII.

4. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. Os gastos relativos ao proxecto de mantemento da "Escola Coruña" serán os realizados entre o 1.01.2013 e o 31.12.2013.

2. A xustificación final deberá presentarse dous meses antes da finalización do período de vixencia, sen prexuízo da posibilidade das modificacións e/ou prórrogas que poidan concederse, nos termos da citada cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención, sen prexuízo das responsabilidades correspondentes. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. Se transcorreran máis de catro meses dende a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se percibira o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.

2. A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña a dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinarao de oficio esta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención

pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.01.2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.06.2014.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.04.2014, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2014. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.

3. Correspóndelles aos órganos da Xurisdición Contencioso-Administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que podan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo do Pleno corporativo do de de 2013

En proba de conformidade, asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da *Ongd Ecodesarrollo Gaia*

D. Diego Calvo Pouso

D. Guillermo Fernández-Obanza
García

2º. Facultar a Presidencia da Corporación para a formalización e execución do convenio.”

44.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONG “FARMACÉUTICOS MUNDI” PARA O COFINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE MELLORA DO ACCESO Á CALIDADE DOS SERVIZOS INTEGRAIS DE SAÚDE, MEDIANTE O FORTALECIMENTO COORDINADO DA REDE COMUNITARIA E INSTITUCIONAL DE SAÚDE DE SETE MUNICIPIOS DE MATAGALPA E A REDE DE MEDICAMENTOS ESENCIAIS EN NICARAGUA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar o seguinte convenio:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONG “FARMACÉUTICOS MUNDI” PARA O COFINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE MELLORA DO ACCESO A CALIDADE DOS SERVIZOS INTEGRAIS DE SAÚDE, MEDIANTE O FORTALECIMENTO COORDINADO DA REDE COMUNITARIA E INSTITUCIONAL DE SAÚDE DE SETE MUNICIPIOS DE MATAGALPA E A REDE DE MEDICAMENTOS ESENCIAIS EN NICARAGUA

A Coruña, de de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervéñ neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Dña. Beatriz Villarquide Vega, DNI núm. 32.756.690-K, que intervéñ neste acto en nome e representación da Ong "Farmacéuticos Mundi", CIF G46973715, cuxa delegación territorial para Galicia ten sede na Rúa Os Ancares, Centro Cívico de Mesoiro, Despacho núm. 5, CP 15190 da Coruña, na súa calidade de delegada e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

“Farmacéuticos Mundi” (a beneficiaria, en diante) é unha organización non gobernamental constituída no 1993, ao amparo da Lei de asociacións 191/1964, hoxe substituída pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, co obxecto de intervir na cooperación ao desenvolvemento, especialmente no eido da salvagarda da saúde humana, a través da colaboración farmacéutica e outros medios axeitados.

Trátase dunha organización declarada de utilidade pública, por Orde do Ministerio do Interior do 24.04.2001, inscrita no Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais de Axuda ao Desenvolvemento co código SGPA 96/9-Ongd 40. A súa delegación en Galicia ten nova sede na Rúa Os Ancares, Centro Cívico de Mesoiro, Despacho núm. 5, CP 15190 da Coruña.

O proxecto que promove “Farmacéuticos Mundi” ten por obxecto a mellora da atención primaria en saúde nun dos países cun nivel de desenvolvemento humano máis baixo do planeta (IDH 129, sobre 187, segundo o informe 2011 do PNUD), razón pola que tanto o “Plan Director da Cooperación Galega 2010 – 2013” como o recentemente aprobado “Plan Director da Cooperación Española 2013 - 2016” contemplan a Guatemala entre as prioridades xeográficas, e as actuacións no eido da saúde básica como sectorialmente prioritarias.

A Deputación da Coruña, que xa colaborou con esta Ongd en proxectos similares en 2010 e no 2011, colabora novamente no presente ano 2013, no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, prevista na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo do, a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da entidade “Farmacéuticos Mundi”, por importe de 30.000,00 euros, para o financiamento do proxecto “Mellora do acceso e a calidade dos servizos integrais de saúde, mediante o fortalecemento coordinado da rede comunitaria e institucional de saúde de sete municipios de Matagalpa e a rede comunitaria de medicamentos esenciais en Nicaragua”.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto “Mellora do acceso e a calidade dos servizos integrais de saúde, mediante o fortalecemento coordinado da rede comunitaria e institucional de saúde de sete municipios de Matagalpa e a rede comunitaria de medicamentos esenciais en Nicaragua”, ten como obxectivo xeral contribuír á mellora das condicións de vida e saúde da poboación, mediante o fortalecemento e a complementariedade das accións preventivas e asistenciais do sistema sanitario nacional nicaragüense, e dos servizos comunitarios de saúde, que permitan unha mellor efectividade institucional e unha maior participación da poboación na solución dos seus problemas sanitarios.

O obxectivo específico é mellorar o acceso e a calidade dos servizos integrais de saúde brindados a nivel comunitario e institucional, a través do fortalecemento da rede comunitaria, en coordinación coa rede institucional, na xestión da saúde de sete municipios do Departamento de Matagalpa (Terrabona, San Isidro, Muy Muy, Sébaco, Ciudad Darío, Esquipulas e San Dionisio) e a rede alternativa de acceso a medicamentos esenciais en Nicaragua.

Tal e como se detalla no documento de formulación do proxecto que se acompaña, as actuacións obxecto do convenio son as referidas á 3ª fase do proxecto (de tres), que se desenvolven no período 1.09.2012 ao 31.12.2013, que segundo o apartado “7. Lóxica da Intervención”, se orientan á consecución dos seguintes resultados:

* Resultado 1. Rede Comunitaria de Saúde organizada, capacitada por persoal do Ministerio de Saúde (MINSA, en adiante) e da Asociación en Pro de la Salud (PROSALUD, en adiante), brindando atención en saúde aos habitantes dos sete municipios beneficiados do Departamento de Matagalpa.

* Resultado 2. Fortalecido o sistema sanitario público de Matagalpa, a través da instalación de catro novos sectores de saúde e da mellora da capacidade instalada de sete unidades municipais de saúde, mediante o equipamento básico para a

asistencia en saúde, dotación de medios diagnósticos, execución de xornadas de saúde e de loita antiepidémica, así como do seguimento sistemático do cumprimento das normas de atención polo persoal de saúde na atención dos pacientes.

* Resultado 3. Mellorado o acceso a medicamentos esenciais de calidade para 510.000 habitantes, a través da mellora do funcionamento da rede de medicamentos esenciais de PROSALUD, en nove departamentos do país.

* Resultado 4. Conformados os Gabinetes de Participación Cidadá en Saúde, en cada unha das 47 unidades de saúde do MINSA, nos sete municipios de intervención do Departamento de Matagalpa, mellorando así a articulación, organización e mobilización comunitaria en torno á saúde, beneficiando aos habitantes dos sete municipios.

Da execución do proxecto beneficiarase directamente un universo de 142.404 persoas, entre as que, ademais da poboación que habita nos sete municipios da intervención, están as persoas que conforman a rede de axentes comunitarios de saúde, os comités municipais de saúde e gabinetes de participación cidadá, o persoal dos centros de saúde e os seus postos periféricos, así como os dispensadores da rede de medicamentos esenciais.

A intervención da beneficiaria farase en colaboración cos axentes involucrados no proxecto, que son o MINSA nicaragüense, a través do seu Sistema Local de Atención á Saúde (SILAIS) de Matagalpa, e a súa contraparte local, PROSALUD, entidade non governamental sen ánimo de lucro e de interese social que inicia a xestión de proxectos en pro da saúde a partir do ano 1996, ao amparo da normativa de asociacións desta natureza de Nicaragua.

Farmamundi participa no proceso dándolle seguimento dende o terreo, e apoiando á súa contraparte local nas cuestións operativas e aspectos técnicos que lle formule.

II. ORZAMENTO

As partidas obxecto de cofinanciamento do orzamento de execución da 3ª fase do proxecto, ascenden a 191.476,96 €, segundo se detalla polo miúdo no cadro de gastos que se acompaña ao documento de formulación do proxecto, agrupado por actividades e financiadores, e cuxo importes totais son os seguintes:

CONCEPTO		IMPORTE
3. Equipos, materiais e subministracións	Hospedaxe	3.365,38
	Material didáctico	3.072,13
	Alimentación	11.013,89
	Medicamentos	15.661,15
	Material reposición periódica	4.307,69
	Fondo semilla (kit/medicamentos)	8.408,65
	Accesorios consulta	1.538,46
	Mobiliario (vitrinas, escritorios e cadeiras)	4.527,88
	Renda de material e equipos	2.398,85
	Material oficina	1.376,92
	Subministración auga, luz, teléfono e internet	3.415,39
	Material impreso e rótulos	7.312,12
	Mantemento vehículos, seguros e lamias	3.784,62
	Viáticos e combustible	7.065,36
Subtotal		77.248,49
4. Persoal local	Coordinador	9.153,85
	Técnicos comunitarios	5.384,62

	Administrador	9.692,31
	Médico	6.623,06
	Laboratorista	5.923,08
	Encargados cociña	4.892,31
	Técnicos saúde	7.000,00
	Asesoría técnica e capacitación	4.615,38
	Contador programa	5.276,92
	Técnico almacén	3.917,31
	Farmacéutico	5.048,08
	Supervisor botiquíns	6.623,08
	Persoal auxiliar	18.469,23
Subtotal		92.619,23
TOTAL CUSTES DIRECTOS		169.867,72
B. Gastos administrativos en sede (12,72 % X 169,867,72)		21.609,23
TOTAL CUSTES INDIRECTOS		21.609,23
TOTAL ORZAMENTO DO PROXECTO		191.476,95

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 30.000,00 euros, o que equivale a un 15,67 % de coeficiente de financiamento. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para asumir a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 15,67 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O acordo de concesión desta subvención nominativa foi aprobada polo Pleno Corporativo e o importe do cofinanciamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que pola concorrencia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo

con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. O aboamento da subvención provincial materializarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola beneficiaria, previa presentación da correspondente conta xustificativa de gastos, integrada pola documentación que se indica a continuación, e na porcentaxe de financiamento establecido (15,67 %), sen que en ningún caso os pagamentos totais podan exceder do importe máximo da axuda concedida (30.000,00):

1.1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Esta memoria acompañarase dunha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

1.2. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

1.5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

1.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Porén, a entidade beneficiaria poderá solicitar o aboamento dun primeiro prazo, con carácter de anticipo prepagable, por importe equivalente ao 50 % da achega concedida, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Bases 48ª e 56ª das de execución do presuposto provincial para o 2013,

en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

2.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se teña presentada a xustificación correspondente.

2.2. Xunto coa solicitude do pagamento anticipado, a entidade beneficiaria deberá acreditar o seguinte:

2.2.1. A apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender o proxecto de mellora do acceso e a calidade dos servizos integrais de saúde, mediante o fortalecemento coordinado da rede comunitaria e institucional de saúde de sete municipios de Matagalpa e a rede comunitaria de medicamentos esenciais en Nicaragua” (ou forma abreviada que o identifique), con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

2.2.2. O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

2.2.3. Compromiso de colaboración da contraparte local, en virtude do cal esta se compromete coa beneficiaria a colaborar na execución do proxecto, nos termos do presente convenio.

3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial serán as relativas á 3ª fase do proxecto, que deberán estar rematadas tres meses antes da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES, contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a

entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei se imporá no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.09.2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.06.2014.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.04.2014, deberá solicitar, antes desta data, a

prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2014. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.

3. Correspóndelles aos órganos da Xurisdición Contencioso-Administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo do Pleno Corporativo do de do 2013

En proba de conformidade, asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña En representación de Farmacéuticos
Mundi

D. Diego Calvo Pouso

Dña. Beatriz Villarquide Vega

2º.- Aprobar expresamente os efectos do convenio que terá una vixencia para a imputación dos gastos devengados entre 01-09-2012 e 30-06-2014

3º. Facultar a Presidencia da Corporación para a formalización e execución do convenio.”

45.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAÚÍ, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “VACACIÓNS EN PAZ 2013”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º Aprobar o seguinte convenio:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “VACACIÓNS EN PAZ 2013”

A Coruña, de de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Dna. María Isla Avión, con DNI 35.544.300-P, en representación da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, CIF G-15924558, con domicilio social na Avda. do Alcalde Gregorio Espino, 57 Baixo, 36205 - Vigo (Pontevedra), en calidade de presidenta da citada Asociación.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (a beneficiaria, en adiante) é unha asociación sen ánimo de lucro, constituída en 2004, ao amparo da Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Entre os seus fins figura, entre outros, desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharauí e, en xeral, a promoción dos vínculos da sociedade galega co pobo saharauí.

Dende o 2008 a Deputación da Coruña vén colaborando coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, mediante o apoio financeiro a distintos proxectos en pro da infancia dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Arxelia). Nesta ocasión, a beneficiaria solicita o apoio da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento dunha nova edición do proxecto “Vacacións en Paz 2013”.

O Plan director da cooperación española 2013-2016 prevé entre as prioridades xeográficas da cooperación española a axuda ao pobo saharauí, e que, por outra banda, o proxecto está en sintonía coas prioridades transversais e sectoriais do Plan director da cooperación galega 2010-2013, na medida que reforza o dereito ao desenvolvemento e contribúe á sensibilización e á educación para o desenvolvemento.

Polo que respecta á competencia da Deputación da Provincial da Coruña, tanto a normativa estatal, contida esencialmente na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, como a galega, Lei 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento, contemplan ás entidades locais, entre outras institucións, como principais actores nesta materia, razón pola que mediante acordo do Pleno Corporativo do .../...../2013, se aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da “Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, por importe de 28.480,00 euros, para o financiamento do proxecto “Vacacións en Paz 2013”.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

Igual que en edicións anteriores, o proxecto “Vacacións en Paz 2013”, en cuxa virtude centos de nenos/as saharauís abandonan temporalmente as duras condicións de vida

dos seus lugares de orixe, para pasar o período de vacacións escolares (xullo e agosto) nun ambiente distinto, acollidos por familias españolas, desenvolverase coa colaboración de diversas entidades públicas (concellos, deputacións, etc.) e privadas, en todo o territorio español.

A súa execución estará a cargo da "Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí", que actuará en colaboración coa Delegación Saharaí para Galicia e as familias e concellos de acollida.

II. ORZAMENTO

O orzamento de execución do proxecto, que afecta aos gastos de desprazamento de 40 nenos/as, ascende a **35.600,00 €**, o que representa un custe por neno/a de 890 €, no que se inclúe:

CONCEPTO	IMPORTE
Voo chárter	34.800,00 €
Seguros (colectivo e responsabilidade civil)	800,00 €
TOTAL	35.600,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 28.480,00 euros, o que equivale a un 80,00 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

1.1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Esta memoria acompañarase dunha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

1.2. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

1.5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

1.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial desenvolveranse entre o 1.06.2013 e o 30.09.2013, tal e como se recolle na cláusula primeira.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES, contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro

cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de

Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.06.2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 31.12.2013.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 31.10.2013, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30.12.2013. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do de do 2013.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña En representación da Asociación
Solidariedade Galega co Pobo Saharaí

D. Diego Calvo Pouso

Dna. Maite Isla Avión

2º.- Facultar a Presidencia da Corporación para a formalización e execución do convenio.”

46.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN TIERRA DE HOMBRES ESPAÑA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “VIAXE CARA Á VIDA 2013”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar o seguinte convenio

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN TIERRA DE HOMBRES ESPAÑA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “VIAXE CARA A VIDA 2013”

A Coruña, de de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Raúl Besada Vázquez, DNI núm. 32.438.922-K, que intervén neste acto en nome e representación da “Fundación Tierra de Hombres España”, CIF G-80956733, con domicilio social na Rúa Os Canteiros 1, CP 15176 Nós – Oleiros (A Coruña), na súa calidade de delegado para Galicia.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A “Fundación Tierra de Hombres España” (a beneficiaria, en adiante), CIF G80956733, é unha organización non gobernamental de desenvolvemento constituída no ano 1994 ao amparo da Lei 50/2002, de fundacións, que forma parte do *Movimiento Internacional Terre des Hommes*, creado en Lausanne (Suíza) en 1960. É membro asociado da *Federación Internacional Terre des hommes (FITDH)*, a segunda agrupación de ONGD de atención á infancia e Organismo Consultivo do *Consejo Económico y Social de Naciones Unidas*, de UNICEF e do Consello de Europa.

O proxecto “*Viaxe cara a Vida*” enmárcase nun “Programa de atencións médicas especializadas” que promove a beneficiaria, consistente na mellora dos recursos sanitarios propios dos países do sur, co obxectivo de que os seus centros sanitarios poidan atender as necesidades da poboación, e cando isto non é posible, particularmente porque a enfermidade afecta aos máis pequenos e se precisa unha tecnoloxía inexistente no seu país de orixe, é cando se pon en funcionamento o proxecto “*Viaxe cara a Vida*”.

A Deputación da Coruña, que xa colaborou en edicións anteriores deste proxecto, intervén no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, prevista na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo de .../...../2013, a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da entidade "Fundación Terra de Hombres España", por importe de 8.000,00 euros, para o financiamento do proxecto "*Viaxe cara a Vida 2013*".

